

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 28 DE NOVEMBRO

DE 2013

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e oito de novembro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten dona Isabel M^a Fuentes Torices, interventora accidental, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 5 de setembro de 2013 e sesión ordinaria do día 26 de setembro de 2013

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 5 de setembro de 2013 e sesión ordinaria do día 26 de setembro de 2013.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións, dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 5 de setembro de 2013 (sete concelleiros do PP, cinco do PSdeG-PSOE, tres de UxC, unha de EU, dous do BNG e un concelleiro de PdeC, integrante do GM) e vinte concelleiros na sesión ordinaria do día 26 de setembro de 2013 (sete concelleiros do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, tres de UxC, dous de EU, un do BNG, e dous do GM) aproba os borradores.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Aprobación inicial, se procede, da Ordenanza reguladora da administración electrónica municipal

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación do día 22 de novembro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda o día 26 de novembro de 2013, coa modificación proposta polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, á redacción da disposición final primeira.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que simplemente quere explicar que esta ordenanza é un paso previo para a implantación que comezou realmente a semana pasada, aínda que levan traballando bastante tempo no asunto da administración electrónica no Concello de Cambre.

Isto, o que vai permitir é que nun futuro máis ben próximo os veciños poidan facer unha boa parte das súas xestións co concello a través do ordenador, dende as súas propias casas, ademais de permitir que o funcionamento do concello sexa bastante máis áxil, así conseguirán mellorar os servizos que se prestan aos veciños.

Esta ordenanza é a ordenanza tipo que ten a Deputación para todos os concellos que están integrados no seu programa de administración electrónica. Di que eles o que fixeron é copiala e adaptala ao Concello de Cambre, e agora sometela a votación do pleno para a súa aprobación.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que en principio o seu grupo amósase a prol. Van votar a prol da aprobación desta ordenanza reguladora, porque cren que a administración electrónica neste concello é unha necesidade que se viña demandando por practicamente todos os grupos presentes no salón de plenos.

O que si lles preocupa é que vai ser necesario unha especial sensibilidade por parte do goberno municipal e dos funcionarios á hora de posibilitar que aquelas persoas que non poidan ter acceso á administración electrónica, por descoñecemento ou por ausencia e carencia de recursos informáticos, poidan seguir recibindo a atención e o procedemento que lles poida interesar do mesmo xeito que o viñan recibindo ata agora.

Entenden que amplos sectores da veciñanza de Cambre aínda non teñen acceso ás novas tecnoloxías e, polo tanto, hai que ser especialmente coidadosos en respectar os dereitos de información e de tramitación dos procedementos administrativos do mellor xeito e sen xerar ningún prexuízo. Nese sentido, como dixo na comisión, o voto do seu grupo vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles van cambiar o voto da comisión e van votar a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que eles van actuar en consecuencia coa súa postura respecto da creación da propia sede electrónica, da que comparten a súa necesidade nun concello da envergadura do Concello de Cambre, e a delegación da xestión na Deputación.

Nese punto o grupo de EU abstívose, e vanse abster igualmente na aprobación da Ordenanza reguladora da administración electrónica. Os argumentos son exactamente os mesmos. Están evidentemente a prol de que se aforre por parte do concello a maior cantidade de recursos posibles, se os ditos recursos caen nas mans doutras administracións, pero seguen pensando que deberían ter existido outro tipo de fórmulas que non se tiveron en conta, e isto o din porque con medidas como esta, e seguramente neste pleno volverán falar do tema, en realidade seguen potenciando o papel das deputacións provinciais en detrimento da autonomía dos concellos. En breve o PP vai conseguir, coa aplicación e reforma da administración local, que sexan as deputacións as que gobernen nos concellos.

Conclúe dicindo que nese sentido van manter o seu voto de abstención neste punto.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que eles van cambiar o voto, van votar a prol.

Di que están plenamente de acordo co que expuxo o PSOE, a administración electrónica non debe prexudicar aos veciños que queiran utilizar, ou que sigan a utilizar, os medios tradicionais, pero entenden que é un avance, que hai moita xente nova e de todas as idades que a nivel, por exemplo de Facenda ou do Sergas, empregan a administración electrónica, e sería unha mágoa quedarse atrás. Por iso é desexable que na administración local, que é a máis próxima aos veciños, tamén se poida facer algo tan fácil como pedir un padrón, un certificado de empadroamento ou calquera cousa, que tamén se poida facer sen ter que moverse e vir ao concello.

Conclúe dicindo que por todo isto o seu voto vai ser a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os dous concelleiros de EU.

A Corporación, por dezanove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a Ordenanza reguladora de administración electrónica municipal, que se transcribe literalmente a continuación:

ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA MUNICIPAL

Exposición de motivos

A Comunicación da Comisión Europea i2010: Unha Sociedade da Información Europea para o crecemento e o emprego, a Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no mercado interior, e outras medidas de impulso comunitario á iniciativa e-Europa, revélanos a importancia que o desenvolvemento da Administración electrónica ten para o futuro económico de Europa. Neste contexto e no marco do disposto no artigo 103 da Constitución, a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos, constitúe un compromiso de todas as administracións para facer realidade a sociedade da información. A súa filosofía principal é a adaptación das organizacións públicas e as xestións inherentes a elas ao dereito da cidadanía a utilizar os medios electrónicos nas súas relacións coas administracións.

Nese sentido, a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, o Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector públicos, a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio ou as modificacións introducidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, conteñen diversas previsións que requiren a posta en marcha da administración electrónica como vía e canle para a información e participación da cidadanía. É dicir, a lexislación aprobada desde hai un tempo xa contén disposicións que obrigan á utilización das novas tecnoloxías e de novas vías de comunicación.

A Lei 30/1992, de 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP-PAC), na súa primeira versión, recolleu xa no seu artigo 45 o impulso ao emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos por parte da Administración, ao obxecto de desenvolver a súa actividade e o exercicio das súas competencias e de permitir á cidadanía relacionarse coas administracións cando fose compatible cos medios técnicos de que dispoñan. Esa previsión, xunto coa da informatización de rexistros e arquivos do artigo 38 da mesma Lei na súa versión orixinaria e, especialmente, na redacción que lle deu a Lei 24/2001 de 27 de decembro, ao permitir o establecemento de rexistros telemáticos para a recepción ou saída de solicitudes, escritos e comunicacións por medios telemáticos, abriu o paso á utilización de tales medios para relacionarse coa Administración.

A Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e posteriormente a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, obrigan á adopción de maiores compromisos e obrigas do sector público: Asegurarlle á cidadanía o dereito a comunicarse coas administracións por medios electrónicos. Polo tanto, convértese en obriga dotarse de medios e sistemas electrónicos para o exercicio dese dereito.

A presente ordenanza constitúe o marco a través do cal o Concello de Cambre, no seu ámbito organizativo e de acordo coas súas competencias, recolle e regula o compromiso para desenvolver a implantación da administración electrónica. Trátase de establecer a normativa para a creación e regulación da sede electrónica municipal, do rexistro electrónico e doutros contidos necesarios derivados da posta en funcionamento dese recurso virtual.

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

1. De acordo co artigo 103 e concordantes da Constitución, a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos (LAE) e a vixente lexislación xeral administrativa, a presente Ordenanza regula o uso dos medios electrónicos no ámbito do Concello de Cambre.

2. Para ese efecto, esta Ordenanza ten por obxecto:

- a) Establecer os dereitos e deberes que rexan as relacións por medios electrónicos da cidadanía con esta administración municipal.
- b) Fixar o marco xeral de actuación para a implantación, impulso e desenvolvemento da Administración electrónica no ámbito municipal.
- c) Regular as condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos nos procedementos administrativos, de acordo coas vixentes normas reguladoras do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 2. Ámbito subxectivo

1. A presente Ordenanza será de aplicación ás seguintes entidades que integran ou poidan integrar, no seu caso, a administración municipal:

- a) Os órganos administrativos integrantes do concello.
- b) Os organismos autónomos e entidades públicas empresariais constituídas polo concello.
- c) As sociedades e as entidades concesionarias de servizos públicos municipais cando así o determine o título concesional, ou así o aproben os seus órganos de goberno, no marco da prestación de servizos públicos municipais.

2. Esta ordenanza será aplicable á cidadanía, entendendo como tal as persoas físicas e xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que a lei confire tal condición aos efectos previstos nesta Ordenanza.

Artigo 3. Ámbito obxectivo

Esta ordenanza será de aplicación ás actuacións realizadas pola administración municipal que se refiran ou afecten a:

1. As súas relacións coa cidadanía que teñan carácter xurídico-administrativo.
2. As súas relacións con outras administracións públicas, sempre que non se desenvolvan en réxime de Dereito privado.
3. A consulta por parte da cidadanía da información pública administrativa e dos datos administrativos que obren en poder da Administración municipal.
4. A realización dos trámites e procedementos administrativos accesibles por vía electrónica.
5. O tratamento da información obtida pola Administración municipal no exercicio das súas potestades.
6. A xestión da documentación e información obtida e producida pola Administración municipal no exercicio das súas potestades, así como a súa preservación e acceso.

Artigo 4. Sede electrónica

1. A sede electrónica municipal é o enderezo electrónico dispoñible para a cidadanía, correspondente á enderezo de referencia <https://sede.cambre.es>. Esta é accesible directamente, a través do portal do concello <http://www.cambre.es>, así como a través da Sede Electrónica da Deputación da Coruña <https://sede.dicoruna.es>, que se atopa no portal da Deputación Provincial <http://www.dicoruna.es>.

2. A sede electrónica estará dispoñible para toda a cidadanía de forma gratuíta e permanente. En particular, tamén será accesible a través do punto de acceso xeral da Administración Xeral do Estado previsto no artigo 8.2.b) da Lei 11/2007, de 22 de xuño.

3. A data e hora oficial da sede electrónica corresponde á da España peninsular conforme ao que establece o Esquema Nacional de Interoperabilidade (art. 15 do Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica).

4. A sede electrónica municipal disporá do seguinte contido mínimo:
- a. Identificación da sede, así como do órgano ou órganos titulares e responsables da xestión e dos servizos postos a disposición na mesma.
 - b. Información necesaria para a correcta utilización da sede.
 - c. Sistema de verificación dos certificados da sede, que estará accesible de forma directa e gratuíta.
 - d. Relación de sistemas de firma electrónica que, conforme ao previsto nesta ordenanza, sexan admitidos ou utilizados na sede.

- e. Información relacionada coa protección de datos de carácter persoal.
5. A sede electrónica municipal disporá dos seguintes servizos a disposición da cidadanía:
- a. Presentación telemática de solicitudes.
 - b. Enlace para a formulación de suxestións e queixas ante o órgano competente.
 - c. Acceso, no seu caso, á relación de expedientes da cidadanía e aos trámites que se iniciaron de forma telemática.
 - d. No seu caso, publicación electrónica de actos e comunicacións no taboleiro de anuncios ou edictos, indicando o carácter substitutivo ou complementario da publicación electrónica.
 - e. Verificación dos selos electrónicos que se utilicen na sede.
 - f. Comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos e que fosen autenticados mediante código seguro de verificación.

CAPÍTULO SEGUNDO. DEREITOS E DEBERES

Artigo 5. Dereitos da cidadanía

1. A cidadanía ten os dereitos recoñecidos pola lexislación aplicable na materia, así como pola presente Ordenanza, e, en especial, os seguintes:

- a) Dereito a relacionarse coa Administración municipal a través de medios electrónicos, presentar documentos, facer trámites e procedementos e, en xeral, exercer os dereitos e facultades que lles recoñece o ordenamento xurídico administrativo, con total validez e seguridade, salvo nos casos en que unha lei estableza a utilización dun medio non electrónico.
- b) Dereito a esixir da administración municipal que a comunicación se lles dirixa a través destes medios, e a obter documentos a través de formatos electrónicos.
- c) Dereito a non presentar documentos que se atopen en poder da Administración municipal, ou doutras administracións públicas coas cales o Concello teña un convenio de intercambio de información, aos efectos previstos na normativa básica estatal nesta materia.
- d) Dereito de acceso á documentación e información administrativa, rexistros e arquivos, a través de medios electrónicos, e a dispoñer de contidos electrónicos de calidade, accesibles, transparentes e comprensibles.
- e) Dereito a acceder e utilizar a Administración electrónica con independencia dos condicionantes de discapacidade.
- f) Dereito a acceder e utilizar a Administración electrónica con independencia dos medios tecnolóxicos utilizados.
- g) Dereito á confidencialidade e protección dos seus datos persoais, e ao resto dos dereitos protexidos pola normativa de protección de datos.
- h) Dereito á privacidade e seguridade das súas comunicacións coa Administración municipal, e das comunicacións que poida efectuar o Concello en que consten os datos do interesado, de acordo coa Lei.
- i) Dereito á conservación en formato electrónico, por parte da Administración municipal, dos documentos electrónicos que formen parte dun expediente, e garantir o seu acceso.

2. O exercicio efectivo, a aplicación e a interpretación sobre o contido destes dereitos realizarase nos termos previstos na normativa aplicable, e de acordo coas previsións da presente ordenanza.

Artigo 6. Deberes da cidadanía

1. Xunto aos dereitos que a presente Ordenanza recoñece e protexe no marco da utilización dos medios electrónicos, na actividade administrativa e nas súas relacións coa Administración municipal, a cidadanía está suxeita na súa actuación ao cumprimento dos seguintes deberes:

- a) Deber de utilizar os servizos e procedementos da Administración electrónica de boa fe e evitando o seu abuso.
- b) Deber de facilitar á Administración municipal, nas materias obxecto desta Ordenanza, unha información veraz e completa, adecuada ás finalidades para as cales se solicita.
- c) Deber de identificación ante a Administración municipal, nos termos establecidos na vixente normativa.
- d) Deber de custodia daqueles elementos identificativos persoais e intransferibles, utilizados nas relacións administrativas por medios electrónicos coa Administración municipal.
- e) Deber de respectar o dereito de privacidade, confidencialidade e seguridade e outros dereitos en materia de protección de datos.

2. O Concello velará polo cumprimento destes deberes no marco do previsto na normativa aplicable e das previsións desta Ordenanza.

CAPÍTULO TERCEIRO. PRINCIPIOS XERAIS

Artigo 7. Principios reitores da Administración electrónica no ámbito da Administración municipal

A Administración municipal, no marco da utilización de medios electrónicos na actividade administrativa, suxéitase aos principios enunciados na normativa reguladora do acceso da cidadanía aos servizos públicos.

Artigo 8. Principios organizativos da Administración electrónica

1. A Administración municipal impulsará o acceso electrónico á información, aos trámites e aos procedementos administrativos, de cara a unha máis eficaz implantación dos principios constitucionais de transparencia administrativa, proximidade e servizo á cidadanía.

2. Para tal efecto, guiará a súa actividade de acordo cos principios de simplificación administrativa, impulso dos medios electrónicos, neutralidade tecnolóxica, interoperabilidade, confidencialidade, seguridade e protección de datos, transparencia e participación.

Artigo 9. Principios xerais do acceso da cidadanía ao procedemento administrativo

1. A realización electrónica dos trámites administrativos no marco da Administración municipal, rexerase polos principios de non discriminación por razón do uso de medios electrónicos, trazabilidade dos procedementos e documentos administrativos, proporcionalidade e intermodalidade de medios, de modo que, nos termos previstos nesta Ordenanza ou nas súas normas de desenvolvemento, un procedemento iniciado por un medio poderase continuar por outro diferente, sempre que se asegure a integridade e seguridade xurídica do procedemento.

2. Os trámites e os procedementos accesibles por vía electrónica poderanse realizar, a elección da cidadanía, a través das canles e medios electrónicos que estean dispoñibles nese momento.

Artigo 10. Principios informadores de fomento e promoción da cooperación interadministrativa en materia de Administración electrónica

1. A Administración municipal guiará a súa actividade en materia de Administración electrónica de acordo cos principios de colaboración, cooperación e información mutua, e de acceso e dispoñibilidade limitada.

2. A Administración municipal deberá facilitar o acceso das restantes administracións públicas aos datos que dispoña dos interesados que se atopen en soporte electrónico, especificando, en todo caso, as condicións, os protocolos e os criterios funcionais ou técnicos necesarios para acceder aos datos coas máximas garantías de seguridade e integridade, e limitándose estritamente aos que as administracións públicas requiran no exercicio das súas funcións. O acceso aos datos mencionados estará condicionado a que o interesado preste o seu consentimento ou a que unha norma con rango legal así o autorice.

CAPÍTULO CUARTO. IDENTIFICACIÓN, ACCESO Á INFORMACIÓN E PRESENTACIÓN DE ESCRITOS POR PARTE DA CIDADANÍA

Artigo 11. Instrumentos de identificación e acreditación da vontade da cidadanía

1. As persoas físicas poderán utilizar para relacionarse coa Administración municipal os sistemas de firma electrónica incorporados ao Documento Nacional de Identidade, en todo caso, e os sistemas de firma electrónica avanzada admitidos pola Lei.

2. As persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica poderán utilizar sistemas de firma electrónica de persoa xurídica, ou de entidades sen personalidade xurídica, para todos aqueles procedementos e actuacións para os que se admitan. En caso de non admisión, a sede electrónica municipal deberá facilitar sistemas alternativos que permitan o exercicio do dereito a relacionarse electronicamente coa Administración municipal.

3. O Concello admitirá cuantos outros sistemas de firma electrónica estivesen autorizados legalmente, e que sexan adecuados para garantir a identificación da cidadanía, e, se procede, a autenticidade e a integridade dos documentos electrónicos.

4. O Concello poderá admitir os sistemas de firma electrónica utilizados ou admitidos por outras administracións públicas, de conformidade cos principios de recoñecemento mutuo e reciprocidade.

5. O Concello publicará na súa sede electrónica a relación de sistemas de firma electrónica admitidos nas súas relacións coa cidadanía.

Artigo 12. Requisitos de identificación no acceso da cidadanía á información administrativa electrónica

1. Será de libre acceso para á cidadanía, sen necesidade de identificación, a información seguinte:

- a) Procedementos do Concello: Información, descarga de impresos e instancias
- b) Caixa de correos de queixas, suxestións e reclamacións.
- c) Verificación de documentos e certificados.
- d) Calendario oficial do Concello.
- e) Información xeral sobre a sede: normativa, hora oficial, avisos sobre interrupcións, etc.
- f) Información xeral sobre utilidades como, por exemplo, firma electrónica.
- g) Enlaces útiles.
- h) Noticias relacionadas coa Administración Electrónica.
- i) outra información sobre a organización municipal e os servizos de interese xeral.

2. De conformidade cos apartados 2, 3, 5 e 6 do artigo 37 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o acceso aos documentos nominativos, aos documentos que conteñan datos relativos á intimidade das persoas, aos expedientes non finalizados e aos expedientes e arquivos referidos nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime

xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, queda reservado ás persoas que acrediten as condicións que a Lei prevexa en cada caso.

3. Para garantir que o dereito de consulta dos documentos sinalados no apartado anterior é exercido polas persoas que se atopan legalmente habilitados para facelo, os servizos municipais esixirán a identificación por medio de calquera procedemento electrónico de identificación de entre os admitidos no artigo 11 desta Ordenanza.

Artigo 13. Requisitos de identificación e de acreditación da vontade da cidadanía na presentación de escritos

1. A utilización de firma electrónica, nos termos previstos no artigo 11 da presente Ordenanza, será un requisito suficiente para identificar e entender acreditada a vontade da cidadanía que presente, por vía electrónica, un escrito no procedemento ou trámite de que se trate.

2. O Concello admitirá, de acordo coa Lei, outros tipos de firma electrónica que permitan garantir a seguridade e a integridade na identificación e a acreditación da vontade da cidadanía, atendendo aos criterios seguintes:

- a) As características das canles electrónicas que se habilitaron para a realización do trámite.
- b) A proporcionalidade entre o requisito imposto e a transcendencia que poida ter o trámite en concreto na esfera xurídica da cidadanía.
- c) A esixencia formal de que a firma do escrito presentado polo interesado cumpra a normativa do procedemento administrativo xeral.
- d) A dispoñibilidade da tecnoloxía e os recursos do concello.

3. De conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración municipal requirirá dos particulares as emendas de calquera defecto formal, ocasionado polo incumprimento dos requisitos de identidade, integridade e autenticidade que prevé este artigo.

4. No caso de que a cidadanía non dispoña dos instrumentos electrónicos de identificación ou acreditación da vontade, que prevé esta Ordenanza, a identificación ou acreditación da súa vontade poderá facela de forma válida un funcionario municipal a través do uso do sistema de firma electrónica do que estea dotado. O interesado terá que identificarse e prestar o seu consentimento expreso, e deberá quedar constancia para os casos de discrepancia ou litixio.

CAPÍTULO QUINTO. A DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN ADMINISTRATIVA POR MEDIOS ELECTRÓNICOS

Artigo 14. Información sobre a organización e os servizos de interese xeral

1. A Administración municipal facilitará por medios electrónicos, e como mínimo a través da súa sede electrónica, información sobre:

- a) A súa organización e competencias.
- b) Os procedementos administrativos que tramite, precisando tanto os requisitos esenciais e os prazos de resolución e notificación, como tamén o sentido do silencio.
- c) Os datos de localización, como a dirección postal, o teléfono e o correo electrónico.

2. Poderase difundir a través de medios electrónicos calquera outra información relativa a asuntos ou cuestións de interese xeral para a cidadanía, como nos ámbitos de sanidade, saúde, cultura, educación, servizos sociais, medio ambiente, transporte, comercio, deporte e lecer.

3. A información facilitada fará constar o órgano administrativo provedor da información e as datas de actualización.

Artigo 15. Información administrativa

A Administración municipal facilitará a través de medios electrónicos toda a información administrativa que por prescrición legal ou resolución xudicial débese de facer pública, especificando en calquera caso o órgano administrativo autor do acto ou disposición publicados.

Artigo 16. Calidade e seguridade na sede electrónica

1. Os servizos da sede electrónica estarán operativos 24 horas ao día, todos os días do ano. Cando por razóns técnicas se prevea que a sede electrónica, ou algún dos seus servizos, poidan non estar operativos, terase que comunicar ás persoas usuarias coa máxima antelación que sexa posible, indicando os medios alternativos que estean dispoñibles.

2. A sede electrónica cumprirá os estándares de accesibilidade de conformidade coa normativa aplicable e, en particular, garantirase que sexa accesible desde os principais navegadores e sistemas operativos de código aberto.

3. As entidades incluídas no artigo 2 desta Ordenanza comprométense a velar pola calidade da información contida na súa sede electrónica municipal, aínda que non se considerarán responsables en ningún caso da información que se poida obter a través das fontes externas nas entidades mencionadas, nin tampouco das opinións que poidan expresar, a través das páxinas web municipais, persoas que non estean vinculadas.

Artigo 17. Taboleiro de edictos electrónico

1. A publicación de actos e comunicacións que, por disposición legal ou regulamentaria, se deban de publicar no taboleiro de anuncios municipal, poderá ser substituída ou complementada pola súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico.

2. O acceso ao taboleiro de anuncios electrónico non requirirá ningún mecanismo especial de acreditación da identidade da cidadanía.

3. O taboleiro de anuncios publicarase na sede electrónica do Concello, e poderase consultar desde as terminais instaladas no mesmo e noutros puntos de acceso que se determinen. Disporá dos sistemas e mecanismos que garantan a autenticidade, a integridade e a dispoñibilidade do contido, de acordo co artigo 45.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. O taboleiro de anuncios electrónico estará dispoñible todos os días do ano e durante as vinte e catro horas do día. Cando por razóns técnicas se prevea que o taboleiro pode non estar operativo, deberase anunciar aos usuarios coa máxima antelación posible, indicando os medios alternativos dispoñibles.

CAPÍTULO SEXTO. O PROCEDUREMTO ADMINISTRATIVO ELECTRÓNICO

Artigo 18. Procedementos tramitados por vía electrónica

1. O concello garante o exercicio do dereito a relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos, e dos demais dereitos recoñecidos no artigo 5 desta Ordenanza, con relación aos trámites e aos procedementos que se tramiten por medios electrónicos.

2. No marco da lexislación vixente e dos principios desta Ordenanza, o Concello poderá determinar os supostos e as condicións en que será obrigatorio comunicarse coa Administración municipal a través de medios electrónicos, cando os interesados sexan persoas xurídicas ou colectivos de persoas físicas que, por razóns de capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados, teñan garantidos o acceso a medios tecnolóxicos adecuados e á dispoñibilidade destes medios.

Artigo 19. Identificación e acreditación da vontade dos órganos administrativos

1. As entidades integradas na Administración municipal poderán utilizar os sistemas seguintes, para a súa identificación electrónica e para a autenticación dos documentos electrónicos que produzan:

- a) Sistemas de firma electrónica baseados na utilización de certificados de dispositivo seguro, ou un medio equivalente, que permita identificar a sede electrónica do Concello e o establecemento de comunicacións seguras.
- b) Firma electrónica do persoal ao servizo da Administración municipal.
- c) Sistemas de firma electrónica para a actuación administrativa automatizada.
- d) Intercambio electrónico de datos en contornas pechadas de comunicación.

2. A sede electrónica do Concello utilizará, para identificarse e garantir unha comunicación segura, sistemas de firma electrónica baseados en certificados de dispositivo seguro ou un medio equivalente.

3. Os actos administrativos das entidades integradas na Administración municipal poderanse ditar de forma automatizada, sempre que se dea o cumprimento dos requisitos establecidos polos actos administrativos na normativa administrativa aplicable e nesta Ordenanza. A estes efectos, as entidades integradas na Administración municipal poderán determinar para cada suposto a utilización dos sistemas de firma electrónica seguintes:

- a) Selo electrónico do órgano ou entidade de Dereito público correspondente, baseado nun certificado electrónico que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica.
- b) Código seguro de verificación vinculado ao órgano ou entidade de Dereito público correspondente e, se procede, á persoa asinante do documento.

4. A identificación e o exercicio da competencia das entidades integradas na Administración municipal farase mediante os sistemas de firma electrónica dos que estea provisto o persoal ao seu servizo, de acordo coas previsións da normativa aplicable.

5. O intercambio de datos electrónicos transmitidos en contornas pechadas de comunicación, será válido de conformidade coas condicións e garantías que acorde o Concello, as cales terán que garantir a integridade e o non repudio dos datos electrónicos transmitidos.

Artigo 20. Iniciación

Para a iniciación dun procedemento administrativo por medios electrónicos a solicitude do interesado, o Concello porá á súa disposición na sede electrónica os correspondentes modelos ou sistemas electrónicos de solicitude. No caso de que non houbese modelo específico de solicitude, existirá un modelo xenérico que reunirá os requisitos esixidos na lexislación para as solicitudes.

Artigo 21. Esixencia e acreditación de representación

1. A cidadanía poderá actuar por medio de representantes nos procedementos e trámites administrativos que fagan ante a Administración municipal por medios electrónicos, de acordo co que prevén a lexislación xeral e esta Ordenanza. Nestes supostos, a validez das actuacións realizadas estará suxeita á acreditación da representación.

2. O procedemento de acreditación da representación, cando se fagan actuacións por medios electrónicos, poderase levar a cabo a través de calquera dos procedementos alternativos seguintes:

- a) Mediante a presentación de apoderamento en soporte electrónico.
- b) Mediante os certificados de firma electrónica que inclúan a relación de representación e que sexan aceptados polo Concello, de conformidade co que se establece nesta Ordenanza.
- c) Mediante a declaración de apoderamento por parte do representante e a posterior comprobación da representación nos rexistros da Administración municipal, ou doutras administracións ou entidades coas que o Concello asinase un convenio de colaboración.
- d) Calquera outro sistema de acreditación da representación que habilite o Concello no marco das leis e desta Ordenanza.

3. Cando o procedemento así o permita e se considere conveniente, a Administración municipal poderá, en calquera momento, pedir ao apoderado ou apoderada a xustificación do apoderamento.

Artigo 22. Tramitación por vía electrónica dos procedementos

1. Os programas, as aplicacións e os sistemas de información que en cada caso se utilicen para a realización por medios electrónicos dos trámites administrativos, terán que garantir o control dos prazos, a constancia da data e a hora e a identificación das persoas responsables das actuacións, á parte da consideración da orde de tramitación dos expedientes.

2. A persoa interesada, previa comprobación electrónica da súa identidade por calquera dos medios regulados nesta Ordenanza, poderá solicitar e obter información sobre o estado da tramitación dos procedementos administrativos que estean a ser xestionados electronicamente na súa totalidade, de acordo coas condicións do servizo de acceso restrinxido establecido para tal efecto. A información sobre o estado da tramitación do procedemento comprenderá a relación dos actos de trámite realizados, con indicación do seu contido, así como a data en que se ditaron.

3. O Concello poderá remitir á persoa interesada avisos sobre o estado da tramitación, nas direccións telemáticas de contacto que esta indicase.

Artigo 23. Presentación de documentos e declaración responsable

1. Non será necesario achegar documentos que estean en poder da Administración municipal, ou doutras administracións públicas coas cales o concello teña asinado un convenio de colaboración. O exercicio deste dereito farase de acordo coa normativa aplicable a cada procedemento e, en especial, coa protección de datos de carácter persoal.

2. As entidades comprendidas no ámbito de aplicación desta Ordenanza, promoverán a substitución da achega de documentos acreditativos do cumprimento de requisitos por unha declaración responsable da persoa interesada que exprese a concorrencia dos requisitos mencionados, e o compromiso de achegar os xustificantes a requirimento da Administración.

3. A comprobación da información contida nestas declaracións poderase efectuar nos rexistros da Administración municipal, ou nos doutras administracións coas que o Concello teña asinado un convenio de colaboración.

Artigo 24. Certificados administrativos electrónicos e transmisión de datos

1. De acordo cos principios de simplicidade administrativa e interoperabilidade entre administracións, o Concello promoverá a eliminación de certificados e, en xeral, de documentos en papel, que se substituirán, sempre que se poida, por certificados e documentos electrónicos ou por transmisións de datos. Tanto no caso de certificados electrónicos e documentos electrónicos como no de transmisións de datos, a súa expedición, tratamento e efectos rexeranse polo que dispón esta Ordenanza, coa suxeición estrita á normativa de protección de datos de carácter persoal, así como ao resto da normativa aplicable ao procedemento administrativo.

2. O Concello comprométese a facilitar o acceso, a outras administracións públicas, aos datos relativos aos interesados que estean no seu poder e atópense en soporte electrónico. En todo caso, estableceranse as máximas garantías de seguridade, integridade e dispoñibilidade, de conformidade co que dispón a normativa aplicable á protección de datos de carácter persoal.

3. No marco dos principios regulados nesta Ordenanza, o Concello promoverá o establecemento de convenios coas entidades públicas ou privadas, tanto emisoras como receptoras, de certificados ou documentos administrativos, para simplificar a obtención, a transmisión e, se procede, a convalidación de documentos ou certificados electrónicos para transmisións de datos.

4. O Concello poderá establecer os mecanismos necesarios para a elaboración de certificados administrativos electrónicos, que terán os mesmos efectos que os expedidos en soporte papel. O contido daqueles poderase imprimir en soporte papel, e a firma manuscrita substituirase por un código de verificación xerado electronicamente, que permita comprobar a autenticidade accedendo telematicamente aos arquivos do órgano ou organismo emisor.

5. O concello, a petición da cidadanía, emitirá certificados electrónicos sobre os seus datos que figuran no seu poder.

6. A cidadanía, en substitución dos certificados en papel, poderá presentar ante a Administración municipal certificados en soporte electrónico doutras administracións, obtidos telematicamente ou ben mediante a compulsa electrónica do certificado en papel.

Artigo 25. Compulsas electrónicas e traslado de documentos en soporte papel

1. A compulsa electrónica de documentos electrónicos e en soporte papel farase a través dun procedemento de dixitalización seguro, que inclúa, nos termos do artigo 19 desta Ordenanza, a firma electrónica do persoal ao servizo da Administración municipal que teña realizado a compulsa, e que garanta a autenticidade e a integridade da copia. Os documentos compulsados electronicamente terán a consideración de copias auténticas, aos efectos que prevé o artigo 46 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A incorporación, no seu caso, de documentos en soporte papel nos trámites e procedementos administrativos que se tramiten por vía electrónica, farase mediante a compulsa electrónica destes documentos.

3. Cando un procedemento iniciado electronicamente non se tramite totalmente en soporte electrónico, o órgano competente poderá reproducir en soporte papel as solicitudes, comunicacións ou outros documentos electrónicos, mediante compulsa ou outros sistemas de verificación, que permitan contrastar a súa autenticidade mediante o acceso aos arquivos electrónicos da Administración emisora.

Artigo 26. Expediente electrónico

1. O expediente electrónico é o conxunto de documentos electrónicos correspondentes a un procedemento administrativo, sexa cal sexa o tipo de información que conteñan e o formato en que fosen creados. Terán esta consideración as agrupacións de documentos que formen unidades básicas do sistema de xestión documental.

2. O foliado dos expedientes deberá levarse a cabo mediante un índice electrónico, asinado e selado pola administración a través dos órganos actuantes. O índice garante a integridade do expediente e permite a recuperación dos distintos documentos que o forman.

3. Os expedientes electrónicos deberán conter os metadatos imprescindibles para coñecer o contexto, o contido e a estrutura que os forman, así como a súa xestión ao longo do tempo.

4. A remisión de expedientes poderase substituír, para todos os efectos, pola posta a disposición do expediente electrónico, e a persoa interesada ten dereito a obter unha copia, nas condicións fixadas nesta Ordenanza.

Artigo 27. Terminación

1. Os procedementos que se tramiten e se terminen en soporte electrónico, garantirán a identificación e o exercicio da competencia por parte do órgano que, en cada caso, estea recoñecido como competente.

2. O acto ou resolución que poña fin a un procedemento cumprirá co esixido no artigo 89 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e irá avalado por algún dos sistemas de firma electrónica previstos nesta Ordenanza.

3. O traslado de documentos electrónicos, incluíndo os que teñen que figurar nos libros de resolucións e nos libros de actas, mentres non teñan o formato en soporte electrónico, farase de acordo co previsto nesta Ordenanza.

Artigo 28. A notificación por medios electrónicos

1. A notificación practicarase utilizando medios electrónicos cando a persoa interesada haxa sinalado estes medios como preferentes, ou exprese consentimento para a súa utilización, nos procedementos administrativos para os que se habilite este sistema de notificación. O Concello fará pública esta circunstancia na súa sede electrónica.

2. A práctica da notificación por medios electrónicos poderá efectuarse nas modalidades previstas regulamentariamente, ou noutros medios de notificación electrónica que poidan establecerse, sempre que quede constancia da recepción polo interesado, no prazo e nas condicións que se establezan na súa regulación específica.

3. A aceptación por parte dos interesados poderá ter carácter xeral para todos os trámites que os relacionen coa Administración municipal, ou para un ou diversos trámites, segundo se teña manifestado.

4. Para a eficacia do que se dispón neste artigo, toda persoa interesada que manifieste expresamente a súa vontade de ser notificada por medios electrónicos, terá que dispor dun enderezo electrónico que cumpra os requisitos legalmente previstos.

5. A dirección de correo electrónico terá vixencia indefinida como dirección válida, a efectos de notificación, excepto nos supostos en que a persoa titular solicite a revogación ou a modificación, por defunción da persoa física ou extinción da personalidade xurídica, cando unha resolución administrativa ou xudicial o ordene, ou polo transcurso de tres anos sen que se utilice para a práctica das notificacións. Neste caso, comunicárase á persoa interesada para que poida expresar o seu interese en mantela activa; de non facelo, inhabilitárase como medio electrónico de notificación.

6. A notificación entenderase practicada, para todos os efectos legais, no momento en que se produza o acceso ao seu contido a través do enderezo de correo electrónico. O sistema de notificación terá que acreditar a data e a hora en que se produza a recepción da notificación, no enderezo electrónico da persoa interesada, o acceso ao contido do acto notificado por parte da persoa, así como calquera causa técnica que imposibilite algunha das circunstancias anteriores.

7. Cando haxa constancia da posta a disposición da notificación no enderezo electrónico, e transcorran dez días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada, a efectos do que prevé o artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, agás que, de oficio ou a instancia da persoa interesada, se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso ao seu enderezo electrónico.

8. Durante a tramitación dos procedementos, a persoa interesada poderá requirir ao órgano ou entidade correspondente, que as notificacións sucesivas non se practiquen por medios electrónicos. Neste caso, será necesario utilizar calquera outro medio admitido polo artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

9. O acceso electrónico por parte das persoas interesadas ao contido das actuacións administrativas correspondentes, terá os efectos propios da notificación por comparecencia, sempre que quede constancia deste acceso. A notificación por comparecencia requirirá, en todo caso, o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Con carácter previo ao acceso ao seu contido, a persoa interesada deberá visualizar un aviso de carácter de notificación da actuación administrativa que terá devandito acceso
- b) O sistema de información correspondente deixará constancia do devandito acceso, con indicación de data e hora.

CAPÍTULO SÉTIMO. REXISTRO, ARQUIVO E ACCESO AOS DOCUMENTOS ELECTRÓNICOS

Artigo 29. Rexistro telemático

1. Créase o Rexistro telemático do Concello de Cambre.

2. O Rexistro telemático poderá ser regulado por unha Ordenanza Municipal específica.

3. O Rexistro telemático integrarase para todos os efectos no Rexistro xeral do Concello, e terá carácter voluntario para os administrados, excepto nos supostos de utilización obrigatoria establecidos por Lei. O acceso ao Rexistro telemático poderase facer durante as 24 horas do

día, todos os días do ano. A data de entrada e/ou de saída, acreditarase mediante un servizo de consignación electrónica de data e hora. Aos efectos de cómputo de prazos, a recepción de documentos en día inhábil entenderase efectuada o primeiro día hábil seguinte. O Rexistro telemático rexerase pola data e a hora oficiais.

4. A presentación de solicitudes, escritos ou comunicacións ao Rexistro telemático, terá os mesmos efectos que a presentación efectuada polo resto de medios admitidos polo artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. O Rexistro telemático non admitirá a presentación de solicitudes, escritos ou comunicacións que non cumpran as instrucións e os mecanismos de identificación e de acreditación da vontade da cidadanía que fixe o concello, de conformidade coas previsións desta Ordenanza e outras normas específicas.

6. O Rexistro telemático emitirá automaticamente un recibo asinado electronicamente co contido previsto no artigo 30.3 do Real decreto 1671/2009, de desenvolvemento parcial da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

7. Cando, por razóns técnicas, pódase prever que o Rexistro telemático non poderá estar operativo, anunciarase as persoas usuarias coa máxima antelación posible, e mentres permaneza nesta situación.

8. En ningún caso terán carácter de rexistro pola vía telemática, os enderezos de correo electrónico corporativo ou dispositivos de fax, asignados ao persoal público ou ás distintas unidades que conforman a administración municipal.

Artigo 30. A xestión documental e a conservación dos documentos administrativos

1. O Concello promoverá unha xestión documental integrada na xestión administrativa xeral, fundamentada na análise da produción, tramitación e valor da documentación, e dirixida á planificación, o control, o uso, a transferencia e a conservación ou eliminación da documentación. Para tal efecto garantirá a xestión da documentación electrónica orixinal, recibida, producida e tratada no desenvolvemento dos seus procesos administrativos, así como a súa conservación ao longo do seu ciclo de vida, e protexerá o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de acordo coa normativa de protección de datos.

2. Os documentos públicos electrónicos terán garantida a autenticidade, fiabilidade, integridade e dispoñibilidade, nas mesmas condicións que os documentos noutros soportes.

3. O Concello poderá aprobar un protocolo de xestión documental e arquivos, regulador das condicións técnicas e organizativas de clasificación funcional, seguridade e disposición dos documentos administrativos, desde o inicio do procedemento, así como os órganos competentes para a conservación e transformación.

4. A documentación electrónica do Concello xestionarase mediante unha aplicación informática corporativa, que permita o control do ciclo de vida dos documentos e expedientes, o control da súa consulta, a xestión dos repositorios dixitais, o intercambio de arquivos e documentos de forma segura entre órganos ou entes, ademais de permitir a súa adaptación aos cambios organizativos.

Artigo 31. Arquivo electrónico de documentos

1. A Administración municipal poderá archivar por medios electrónicos todos os documentos producidos ou recibidos no exercicio das súas competencias e actuacións administrativas, nun

arquivo electrónico incorporado ao sistema de xestión de documentos do Concello, que debe garantir a autenticidade, fiabilidade, integridade e dispoñibilidade dos documentos electrónicos, conservados de acordo cos estándares aprobados ao efecto, e de acordo co disposto no artigo 45.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e conforme á lexislación de arquivo que resulte de aplicación.

2. No suposto de documentos emitidos orixinalmente en papel, dos cales se efectuaron copias electrónicas de acordo co que dispón a normativa aplicable, poderase proceder á destrución dos orixinais, nos termos e coas condicións que, de acordo coa Lei, estableza o Concello.

3. O Concello poderá establecer convenios ou acordos con outras entidades para o arquivo definitivo dos seus documentos electrónicos, sempre que se garanta a integridade, a autenticidade, a confidencialidade, a calidade, a protección e a conservación dos documentos arquivados.

Artigo 32. Preservación e acceso aos rexistros e aos arquivos administrativos electrónicos

A preservación e o acceso aos documentos almacenados en medios electrónicos, rexerese polas previsións desta Ordenanza, relativas ao acceso á información, e polos principios e normas aplicables á protección da confidencialidade e a privacidade de datos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA. Creación doutras sedes electrónicas

Sen prexuízo do disposto nesta Ordenanza, os órganos e as entidades integrantes da Administración municipal, definidos no artigo 2 desta ordenanza, poderán crear outras sedes electrónicas para o exercicio das súas competencias.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira. Sede electrónica

A sede electrónica do concello entrará en funcionamento desde o momento da entrada en vigor desta ordenanza.

Non obstante, a incorporación de procedementos e servizos porase en marcha de forma progresiva, figurando a relación actualizada de procedementos e servizos que poderán ser tramitados por medios electrónicos.

Segunda. Procedementos en curso

Esta Ordenanza non se aplicará aos procedementos iniciados con anterioridade á súa entrada en vigor.

Terceira. Rexistro telemático

O Rexistro telemático do Concello entrará en funcionamento desde o momento da entrada en vigor desta Ordenanza.

Cuarta. Notificación electrónica

O Concello porá en marcha a notificación electrónica, para os procedementos e trámites que o requiran, cando estean postos en marcha os sistemas e as tecnoloxías correspondentes.

Quinta. Arquivo electrónico

O arquivo electrónico do Concello entrará en funcionamento cando o Concello poña en marcha os sistemas e as tecnoloxías correspondentes, así como a implantación de xestión documental integral.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira. Regulación de novos procedementos e trámites, e habilitación de desenvolvemento

A partir da entrada en vigor desta Ordenanza, calquera regulación que se efectúe de novos procedementos e trámites administrativos, ou modificación dos existentes, axustarase ás condicións e aos requisitos previstos nesta Ordenanza, facultando ao alcalde para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento da presente ordenanza, logo de comunicarllo ao Pleno, publicándose na sede electrónica municipal.

Segunda. Adaptación da normativa municipal

O concello comprométese a adaptar a normativa municipal ás previsións desta ordenanza.

Terceira. Entrada en vigor

Esta ordenanza entrará en vigor, unha vez publicado o texto integramente no *Boletín Oficial da Provincia* e teña transcorrido o prazo de quince días ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ANEXO I

DEFINICIÓN / GLOSARIO DE TERMOS RECOLLIDOS NA PRESENTE ORDENANZA

A efectos da presente ordenanza, enténdese por:

a) Actuación administrativa automatizada: actuación administrativa producida por un sistema de información adecuadamente programado sen necesidade de intervención dunha persoa física en cada caso singular. Inclúe a produción de actos de trámite ou resolutorios de procedementos, así como de meros actos de comunicación.

b) Aplicación: programa ou conxunto de programas cuxo obxecto é a resolución dun problema mediante o uso de informática.

c) Aplicación de fontes abertas: aquela que se distribúe cunha licenza que permite a liberdade de executala, de coñecer o código fonte, de modificala ou melloralala e de redistribuír copias a outros usuarios.

d) Autenticación: acreditación por medios electrónicos da identidade dunha persoa ou ente, do contido da vontade expresada nas súas operacións, transaccións e documentos, e da integridade e autoría destes últimos.

e) Canles: estruturas ou medios de difusión dos contidos e servizos, incluíndo a canle presencial, o telefónico e o electrónico, así como outros que existan na actualidade ou poidan existir no futuro (dispositivos móbiles, TDT, etcétera).

f) Certificado electrónico: segundo o artigo 6 da Lei 59/2003, de 19 de decembro, de Firma Electrónica: Documento asinado electronicamente por un prestador de servizos de certificación que vincula uns datos de verificación de firma a un asinante e confirma a súa identidade.

g) Certificado electrónico recoñecido: segundo o artigo 11 da Lei 59/2003, de 19 de decembro, de Firma Electrónica: Son certificados recoñecidos os certificados electrónicos expedidos por un prestador de servizos de certificación que cumpra os requisitos establecidos nesta Lei en canto á comprobación da identidade e demais circunstancias dos solicitantes e á fiabilidade e as garantías dos servizos de certificación que presten.

h) Cidadán: calquera persoa física, persoa xurídica ou ente sen personalidade que se relacione, ou sexa susceptible de relacionarse, coas Administracións Públicas.

i) Enderezo electrónico: identificador dun equipo ou sistema electrónico desde o que se prové de información ou servizos nunha rede de comunicacións.

j) Documento electrónico: información de calquera natureza en forma electrónica, arquivada nun soporte electrónico segundo un formato determinado e susceptible de identificación e tratamento diferenciado.

k) Estándar aberto: aquel que reúna as seguintes condicións:

1. Que sexa público e a súa utilización sexa dispoñible de maneira gratuíta ou a un custo que non supoña unha dificultade de acceso.
2. Que o seu uso e aplicación non estea condicionado ao pago dun dereito de propiedade intelectual ou industrial.

l) Firma electrónica: segundo o artigo 3 da Lei 59/2003, de 19 de decembro, de Firma Electrónica: Conxunto de datos en forma electrónica, consignados xunto a outros ou asociados con eles, que poden ser utilizados como medio de identificación do asinante.

m) Firma electrónica avanzada: segundo o artigo 3 da Lei 59/2003, de 19 de decembro, de Firma Electrónica: Firma electrónica que permite identificar ao asinante e detectar calquera cambio ulterior dos datos asinados, que está vinculada ao asinante de maneira única e aos datos a que se refire e que foi creada por medios que o asinante pode manter baixo o seu exclusivo control.

n) Firma electrónica recoñecida: segundo o artigo 3 da Lei 59/2003, de 19 de decembro, de Firma Electrónica: Firma electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido e xerada mediante un dispositivo seguro de creación de firma.

o) Interoperabilidade: capacidade dos sistemas de información, e polo tanto dos procedementos aos que estes dan soporte, de compartir datos e posibilitar o intercambio de información e coñecemento entre eles.

p) Medio electrónico: mecanismo, instalación, equipo ou sistema que permite producir, almacenar ou transmitir documentos, datos e informacións, incluíndo calquera redes de comunicación abertas ou restrinxidas, como Internet, telefonía fixa e móbil ou outras.

q) Punto de acceso electrónico: conxunto de páxinas web agrupadas nun dominio de Internet cuxo obxectivo é ofrecer ao usuario, de forma fácil e integrada, o acceso a unha serie de recursos e de servizos dirixidos a resolver necesidades específicas dun grupo de persoas ou o acceso á información e servizos dunha institución pública.

r) Sistema de firma electrónica: conxunto de elementos intervinientes na creación dunha firma electrónica. No caso da firma electrónica baseada en certificado electrónico, compoñen o sistema, polo menos, o certificado electrónico, o soporte, o lector, a aplicación de firma utilizada e o sistema de interpretación e verificación utilizado polo receptor do documento asinado.

s) Selado de tempo: acreditación a cargo dun terceiro de confianza da data e hora de realización de calquera operación ou transacción por medios electrónicos.

t) Espazos comúns ou portelos únicos: modos ou canles (oficinas integradas, atención telefónica, páxinas en Internet e outros) aos que a cidadanía pode dirixirse para acceder ás informacións, trámites e servizos públicos determinados por acordo entre varias Administracións.

u) Actividade de servizo: calquera actividade económica por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha remuneración.

v) Prestador de actividade de servizo: calquera persoa física ou xurídica que ofrezca ou preste unha actividade de servizo.

Segundo: Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a ordenanza de referencia, publicándose integramente no *Boletín Oficial da Provincia*.

Cuarto: A ordenanza entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

2.2. Proposta de aprobación do expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito núm. 1/2013

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 22 de novembro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda o día 26 de novembro de 2013.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que se trata dunha proposta de expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito por unha contía total de 84800 euros, que se produce por baixa de dúas partidas de gasto, a primeira sería de xuros bancarios que tiñan sido sobreorxamentados porque se cancelou a operación de tesourería antes de tempo e non se tiveron que aboar, e a outra pola baixa do plan de transporte metropolitano ao ter sido aboada a contía que lle correspondía ao Concello de Cambre resultando un crédito sobrance de 24800 euros.

Explica que eses créditos van a parar ao aluguer de maquinaria de obras, investimento en infraestruturas, Asociación de Empresarios de Cambre, reparación de maquinaria, subministración de enerxía eléctrica nas dependencias municipais e xuros de demora.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu voto vai ser abstención, xustificada en que hai unha serie de partidas que lles parecen correctas e un pouco tamén xustificadas en que o último que se trouxo a este pleno, e eles abstivéronse, foi precisamente a votación da partida que lle corresponde á Asociación de Empresarios de Cambre.

Dende o seu grupo volven recordar o compromiso que se acadou no pleno pasado por parte da Asociación de Empresarios, de explicarlles ao resto dos grupos, en concreto a eles, o tema do centro comercial aberto, porque aínda están agardando. Por todo isto, o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles absteríanse, porque o goberno di que sobran cartos dun sitio e que fan falta noutro, polo tanto entenden que poderían absterse dependendo do que necesite o goberno neste caso, pero van votar en contra se non se retira a partida da Asociación de Empresarios de Cambre, porque xa dixeron no pleno anterior que votaban en contra, xa que darlle unha axuda de 7000 euros a esta asociación para a posta en marcha do centro comercial aberto en Cambre, cando a día de hoxe polo menos ao grupo de UxC non se lle explicou en que consiste, parécelle que é votar a prol de algo do que non saben en que se van empregar os cartos. Non o van facer nin agora nin nunca.

Polo tanto, se retiran esa partida eles vanse abster, se non se retira van votar en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que non quere redundar no que xa dixeron outros compañeiros, pero botan de menos unha serie de documentación respecto deste tema. No expediente do pleno non había ningunha xustificación que acreditara onde se vai investir ese diñeiro.

Se van por partes ven que os 7000 euros que se destinan aos empresarios de Cambre non están xustificadas, tampouco lles informaron para nada do que significa un centro comercial aberto, nin dos beneficios que poden ter os veciños e veciñas de Cambre e o propio concello.

Por outra parte, hai un investimento de máis de 24000 euros para distintas obras no concello. Tampouco ven ningunha memoria, ou mellor dito si que a viron, porque se preocuparon de que llela facilitaran, pero no expediente do pleno non había ningunha memoria valorada desas actuacións que se pretenden facer.

E di que pon un exemplo, o tema do investimento de Pravio, un paso de peóns. Tiveron que preguntarlle á funcionaria, e a funcionaria, moi amablemente, como sempre, conseguíulles unha memoria valorada que non estaba na carpeta do pleno. El cre que o expediente do pleno ten que estar o suficientemente documentado para que os concelleiros poidan obrar en función do que se ve.

Respecto do tema de Pravio, foron polo menos tres as iniciativas que se presentaron polo grupo municipal de EU respecto da seguridade viaria na estrada AC-214. Nunha ocasión o Sr. Marante díxolles que se estaba a facer unha memoria valorada, que cando se fixera que llela ía trasladar, que entre todos a ían estudar, é dicir, dise unha cousa no pleno pero logo non se cumpre. A eles non lles pasaron ningunha memoria valorada, non se lles informou nin sequera que existía esa memoria valorada, e leva no concello bastante tempo, cre que dende o mes de xaneiro. Non se lles dixo nada para decidir se era obxectivo facer esa actuación ou facer outras nesa estrada de Cambre a Pravio, onde tiñan solicitado diversos pasos de peóns e seguridade para as persoas.

Como dixo, o Sr. Marante informaba que o alcalde tivera unha reunión co presidente da Xunta, onde o presidente se responsabilizaba e se comprometía a facer esta actuación con diñeiro da propia Xunta de Galicia. Pero iso non ocorreu así, o que está ocorrendo aquí é que o Concello de Cambre vai gastar un diñeiro nunha estrada de titularidade da administración autonómica, e teñen que pagar os veciños de Cambre. Dá a sensación de que a Xunta lle mete a man nos petos aos veciños e veciñas de Cambre, á parte do compromiso que o Sr. Marante dixo que o Sr. alcalde tiña obtido do presidente da Xunta respecto de que se ían facer cargo eles de arranxar esa estrada, é máis, non só dese caso concreto, senón doutras actuacións como poderían ser, por exemplo, a rotonda que está no centro de Cambre e outros pasos de peóns ao longo da estrada de Sigrás a Cecebre.

Di que nos plenos se di unha cousa, pero logo se incumpre. O Sr. Marante repetiu dúas veces que todos xuntos podían facer unha valoración do que se ía facer, e que lles ía facilitar a memoria valorada, e iso foi mentira, non se lles facilitou e incluso non estaba no expediente do pleno, como dixo antes.

Considera que hai unha serie de dúbidas respecto destes temas, incluso a propia informante, Intervención, di que están habilitando un diñeiro para feitos consumados, cando realmente non tiña que ser así. Por conseguinte, EU ante este tema vaise abster, xa que tamén consideran que é necesario, non só en Pravio, porque os rapaces da zona de Bellavista, da zona de Freande, das Pereiras, da Mota de Cecebre, tamén teñen que atravesar a estrada, e tamén todos os días sofren as consecuencias do inmenso tráfico que hai e, por conseguinte, o risco que teñen ao atravesar. El cre que tiña que ser unha actuación, como informou o Sr. Marante un día nun pleno, feita pola Xunta de Galicia, e actuar dentro do treito da estrada, e non facer un tema puntual. Cre que esa é unha responsabilidade que o concello ten que abordar moi a curto prazo.

Conclúe dicindo que, como xa dixo antes, EU neste tema vaise abster.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo anuncian que se van abster neste punto da orde do día, facendo un chamamento, iso si, ao equipo municipal, un pouco recollendo o que se dixo aquí nas intervencións do resto dos grupos da oposición, para explicar mellor as cousas.

Entenden que non hai ningún afán escurantista, dende logo non debería habelo, e practicamente custa o mesmo traballo facer as cousas ben que facelas mal ou facelas regular. Eles entenden que non se está facendo un uso fraudulento ou beneficioso dunha figura como son os suplementos e modificativos de crédito, que se poderá estar de acordo ou non coas obras e coas accións que aquí se consideran, eles no seu momento estiveron en contra dos orzamentos, pero entenden tamén que por responsabilidade, o equipo de goberno ten que levalos adiante, xa que unha vez votados son os orzamentos de todo o Concello de Cambre e este é o seu plan de actuacións.

Dende o BNG non queren poñer obstáculos, ou que o seu voto en contra poida ser interpretado como poñer paus nas rodas á acción de goberno, xa di que con toda seguridade as prioridades do BNG serían outras, non tan vinculadas a infraestruturas, a estradas e a asfalto, pero vanse abster para facilitar a súa aprobación.

Conclúe dicindo que fan un chamamento dende a responsabilidade e un afán de entendemento para que se traslade á Asociación de Empresarios de Cambre o que no seu momento aquí se lles fixo chegar, que é que se lles explique debidamente a que se vai dedicar a contía desa subvención. Eles votaron favorablemente, seguen estando hoxe total e absolutamente a prol desa subvención e de que se cree o centro comercial aberto no Temple, e xustamente o que teñen que facer é convencer ao resto dos veciños que poidan ter suspicacias ou dúbidas respecto dese proceso. O mellor é falar coa xente e ter as reunións que sexan necesarias, e intentar unir a todos os veciños e veciñas para sacar ese tema adiante, que eles consideran que é importante.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD e integrante do GM, pide desculpas por non ter entregado as memorias valoradas aos grupos da oposición, a verdade é que foi por despiste, non foi por esconderlle nada a ninguén, é dicir, hai unhas memorias valoradas que se fixeron dende principios de ano e se alguén ten moito interese en velas, el non ten ningún problema, porque as ten na oficina. Foi por despiste, quedou de entregalas aos grupos da oposición, non o fixo, e por iso pide desculpas, pero reitera que non é por esconderlle nada a ninguén.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que efectivamente eles poderían telo feito, pero foi o Sr. Marante o que se comprometeu a facilitárllelas no seu momento. Outra cousa que non entende é que sexa unha memoria valorada feita por unha empresa externa ao concello, porque está seguro de que os técnicos do concello están máis que capacitados para facer este tipo de memorias e, ao mellor, aforrarían un diñeiro en vez de gastalo nunha empresa exterior ao concello, porque foi unha empresa de fóra a que fixo esa memoria. El cre que os técnicos de Cambre coñecen perfectamente o territorio, coñecen perfectamente as dificultades que hai, e coñecen as necesidades, por iso dálle a sensación de que poderían ter feito eles a memoria.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez di que claro que a poden facer, pero a carga de traballo que teñen fai que lles sexa imposible dedicarse a facer todo tipo de memorias e todo tipo de proxectos. Teñen unha carga de traballo impresionante e por iso se encargou a unha empresa externa. Aí fíxose un estudo, unhas memorias que levan o seu tempo e necesitan moito traballo, porque se fixeron dende Aían ata A Mota, e dende Catro Camiños ata a presa, nas estradas da Xunta. É

un traballo que os técnicos municipais non tiñan capacidade para facer porque terían que deixar outras cousas que xorden cada momento.

Conclúe dicindo que foi por iso, non por outro motivo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, manifesta que aproveita para pedirlle ao Sr. Marante que lles pase as memorias da estrada, cre que é a AC-221, que é a que vai de San Pedro a Mabegondo e da estrada de Aián, que dixo que tamén estaba aí, porque el só ten a de Pravio.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que co fin de rematar o asunto, se non hai máis intervencións, el simplemente quere facer unha aclaración. Efectivamente ten razón o Sr. Taibo cando fala da reunión que el tivo coa Xunta, porque hai un compromiso da Xunta de actuar na estrada AC-214 máis na AC-221. Hai un compromiso, pero tamén hai este remanente de crédito, e é algo que el ve todos os días cada vez que vai comer, ve parar ao autobús no cemiterio de Pravio, por iso, tendo a posibilidade de facer esa parada noutro sitio habería que facela, porque a el póñenselle os pelos de punta, e dille o por qué, porque el a maioría das veces, cando sae do concello, vai detrás do autobús escolar. O autobús escolar para xusto na porta da igrexa, do cemiterio, co cal os rapaces saen do autobús e moitos pais están agardando ou alí ou no bar de en fronte, e cruzan por diante do autobús. O outro día un vehículo adiantouno a el e máis ao autobús, e non matou ao rapaz e ao pai porque Deus non o quixo. Di que aquilo está moi mal situado, el está de acordo en facelo por seguridade viaria, e aínda que sexa un compromiso da Xunta, el dilles a verdade, neste momento prefere facer esa actuación e cambiar a parada do autobús e poñer un paso de peóns un pouco máis abaixo, que deixala sen facer.

Dilles que non se preocupen, que a Xunta xa actuará, ademais ten o compromiso do presidente da Xunta de facelo, e xa sacarán a compensación dese paso de peóns, pero el é que iso xa non o pode ver máis. Hai que sacar a parada do bus de onde está parando actualmente, hai que sacala a como dea lugar, el non pode esperar máis.

Isto di que como aclaración, que no resto non ten porque dicir máis. Efectivamente teñen acceso ás memorias valoradas e efectivamente débéronselles ter pasado. Precisamente fixéronse esas memorias valoradas para que el puidese levalas el á Xunta, que as levou en man. Esa é a explicación.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el está convencido de que o Sr. alcalde pasa todos os días por alí, el tamén o fai, e todo o mundo ve o perigo que supón ese punto, motivo diso son as distintas iniciativas que se teñen presentado aquí. Cre que ao principio da lexislatura é cando se tiñan que ter feito, sen máis demora, porque iso non se debería ter demorado para nada, xa que é un dos puntos máis perigosos e conflictivos que ten o Concello de Cambre, niso coincide perfectamente co Sr. alcalde, é sumamente perigoso, por iso dixo que EU tamén vai intentar que se faga isto.

O Sr. alcalde di que lle agradece que vote a prol.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que eles xa explicaron por que se ían abster, porque o goberno municipal tamén ten o costume de meter cousas que son imprescindibles con outras cousas que non son tan imprescindibles. Nun paquete meten todo, para obter o seu compromiso, por iso el non vai picar.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD). Votan en contra os tres concelleiros de UxC, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de suplemento de crédito e de crédito extraordinario número 1/2013 co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Crédito extraordinario	Suplemento de crédito	Baixas por anulación	Crédito definitivo
011.310	Xuros	175.000,00	0,00	0,00	60.000,00	115.000,00
155.203	Aluguer maquinaria de obras	45.000,00	0,00	10.000,00		55.000,00
151.619	Investimentos en infraestruturas	190.556,95		24.000,00		214.556,95
431.47902	Asociación de empresarios/as de Cambre	0,00	7.000,00	0,00	0,00	7.000,00
441.450	Plan de transporte metropolitano	133.000,00			24.800,00	108.200,00
920.213	Reparación maquinaria	20.000,00		9.300,00		29.300,00
920.22100	Subministración enerxía eléctrica dependencias municipais	90.000,00		24.500,00		114.500,00
931.352	Xuros de demora	6.800,00		10.000,00		16.800,00
	Totais	660.356,95	7.000,00	77.800,00	84.800,00	660.356,95

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerarase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

2.3. Proposta de modificación do acordo regulador núm. 5 do prezo público polo servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 19 de novembro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda o día 26 de novembro de 2013.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que o que se trae hoxe a pleno é unha modificación do acordo regulador núm. 5 como consecuencia dun novo decreto que sacou a Xunta de Galicia o día 5 de setembro. Eles xa aprobaron ese acordo regulador no pleno do 18 de xullo e hoxe simplemente e traer a aprobación a modificación que lles marca o decreto. Só se recolle o que marca o decreto.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu punto de vista resulta patético o seguidismo que o goberno municipal fai dos ditames que establece a Xunta de Galicia, acatando cos ollos pechados todas e cada unha das disposicións que afectan, en moitos casos e moi directamente, aos veciños de Cambre, en especial a aqueles colectivos máis desfavorecidos.

Entre defender os intereses da Xunta de Galicia e as necesidades básicas de servizos sociais dos veciños de Cambre, o goberno municipal o ten claro, se non, non entende o tratamento que está dando o goberno municipal a un asunto tan sensible como o que lles ocupa. A proposta é modificar o prezo público do servizo de axuda no fogar, e a argumentación da concelleira é dicir que iso é o que hai.

En primeiro lugar, di que falar de participación dos usuarios no financiamento dos custos, é un eufemismo. Pide que chamen ás cousas polo seu nome, isto é un copago, un repago.

En canto á letra pequena da proposta, se cotexan a táboa de porcentaxes de copago coa que se aprobou hai uns meses, atópanse con que se reducen de 6 a 3 os límites de cobertura do servizo, co que queda reducida, polo tanto, a flexibilidade de horas de percepción por parte dos beneficiarios, así como a marxe de valoración dentro do plan individualizado de valoración, o chamado PIA, que terán que establecer os técnicos de Servizos Sociais.

Di que lle vai poñer un exemplo. Un usuario que ata o de agora precisaba 30 horas de servizo cada mes, e pagaba en consecuencia a porcentaxe que correspondía por esas 30 horas, agora terá que pagar a porcentaxe correspondente a 45 horas, isto é, na práctica un 50% máis, aínda que goce de 30.

Pregúntalle como van explicar ese incremento aos beneficiarios despois de terse aprobado outras porcentaxes e niveis de cobertura hai escasamente uns meses. Pregunta que medidas pensan adoptar ao respecto, ou como van facer os grandes dependentes para sufragar eses servizos.

Dille que isto último pode contestárllelo el mesmo. Os usuarios dos servizos de axuda no fogar terán que optar, ou ben por pagar máis, os que poidan, nalgúns supostos ata un 50% máis por recibir determinados servizos, ou renunciar ao número de horas que necesiten en realidade e quedarse en 20 ou menos, aínda que necesiten máis.

Segundo o estudo económico que sustenta a proposta, elaborado pola Sra. concelleira de Facenda, os usuarios do servizo de axuda a domicilio terán que soportar máis do 16% do custo total do servizo, máis do 20% do prezo de licitación. Di que nalgúns concellos da comarca esta porcentaxe redúcese nalgúns casos á metade, en Arteixo, por exemplo, apenas o 9%.

O incremento o soportan na súa totalidade os usuarios dependentes, dado que non se modifican as porcentaxes nos casos de libre concorrência, e se suman o número actual de beneficiarios, 97, e o dividen polo número total de horas previstas do servizo establecido en 25000, resulta unha media de máis de 20 horas/mes, en consecuencia,

se esta proposta se carga de golpe, porque así o fai, as porcentaxes correspondentes a 30 ou 40 horas de servizo ao mes, os usuarios obrigatoriamente terán que pagar en función das porcentaxes correspondentes ao segundo tramo, 45 horas. Quere recalcar que é un 50% máis.

O goberno municipal dispón de mecanismos compensatorios para contrarrestar o incremento económico que supón esta nova baremación para os perceptores dependentes de servizos de axuda no fogar e, lonxe de apicalos, o goberno somete a consideración da Corporación este asunto sen pestanexar.

Iso é en síntese o que o goberno municipal trae hoxe a pleno, por iso dilles que non contén, dende logo, co apoio do seu grupo para aprobalo. O seu sería votar en contra, aínda que por responsabilidade política vanse abster.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo mantén o voto da comisión e tamén se van abster.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que neste punto, exactamente igual que no punto relativo á administración electrónica, tamén se van abster.

Non queren esquecer, en relación co que comentaba o compañeiro socialista, que detrás desta modificación puntual, que se trae así sen máis, e que dicía antes a Sra. concelleira que non é máis que o que marca o decreto, ela dille que non é nin máis nin menos que o que marca o decreto.

O Decreto 99/2012 supón para os concellos de máis de 20000 habitantes, que é o caso do Concello de Cambre, prexuízos gravísimos, como por exemplo aboar un 25% dun servizo. Ademais, incrementa para os usuarios lamentablemente con situacións máis desfavorecidas, o copago, porque esa é a palabra, que teñen que soportar. Por iso di que nin máis nin menos.

Continúa dicindo que en realidade tampouco ten sentido que os grupos teñan que votar este tipo de modificacións, porque o goberno da Xunta de Galicia, e tamén os membros do goberno municipal como fieis servos do goberno da Xunta de Galicia, fai cos servizos sociais, e coa axuda no fogar en concreto, o que lle sae dos decretos, poderían dicir, e despois tráense a pleno modificacións de artigos puntuais para adecuar o dito servizo a novos decretos aprobados sen consenso con ningún tipo de usuarios, nin coas forzas vivas que terían que colaborar nese tipo de estruturación de algo tan importante como son os servizos sociais.

Di que o que voten eles dá exactamente igual, isto non deixa de ser unha comedia onde teñen que votar algo que non serve absolutamente de nada. A ruptura dos servizos sociais municipais está presente, está en marcha, cando deberían ser fortalecidos nun estado de depresión e crise como o que se está vivindo. Dilles que o que están facendo é cargarse literalmente os Servizos Sociais e o Estado do benestar.

Conclúe dicindo que por todo isto, votan abstención, si, ¿serve de algo?, non. É un voto un pouco para xustificar a comedia da modificación, nin máis nin menos.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que o BNG está en contra da proposta de modificación para adaptar o copago aos baremos que marca a Xunta, e que esixen unha maior achega económica. O BNG está en contra do copago, dese invento do PP e, por suposto, vanse abster. Como dicían antes os compañeiros da oposición, o goberno municipal segue os ditados do seu xefe, e eles vanse abster. Están en contra, pero vanse abster simplemente porque esa é a forma de gobernar que o PP ten.

O que si lles chama moito a atención é que a Xunta de Galicia planifique tan mal a súa política de Servizos Sociais. Di que se basea para dicir isto en que sacan un decreto en marzo do 2012, danlles 18 meses aos concellos para poñelo en funcionamento e, antes de que pasen os 18 meses, xa sacan outro, en setembro do 2013.

Gustaríalles que definan e planifiquen a súa política de Servizos Sociais e deixen de facer cambios continuos na normativa, porque estas modificacións o único que prexudican é aos traballadores e máis aos usuarios dos servizos.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel explica que a Xunta de Galicia cambiou ese decreto e eles vense obrigados a cambialo. Danlles un prazo de seis meses para facelo, se non o cumpren correrían o grave risco de perder unha das maiores subvencións que reciben os concellos a través do Plan concertado, concretamente a Xunta de Galicia dálle a Cambre 200000 euros, todos os anos, para poder aplicar ese plan.

Conclúe dicindo que o decreto é o que é, nalgúns aspectos podería ser mellorable ou non, pero iso non depende dela para nada, ela simplemente propón adecuar a regulación ao decreto, que é unha esixencia que teñen. Hai un prazo de seis meses para adecuarse ao decreto, simplemente é iso, ou mellor dito, non simplemente, é iso, o cambio do decreto.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas di que está de acordo coa concelleira, evidentemente o decreto é o que hai. A consecuencia de non adecuarse ao decreto supón na práctica a posibilidade de perder esa subvención, é unha ferramenta disuasoria da Xunta de Galicia nestes casos. Por responsabilidade política dixo antes que se abstiñan, o que lles pide o corpo é votar en contra, dende logo, pero abstéñense por iso.

Que a Sra. concelleira non pode intervir na modificación do decreto, está de acordo, pero claro que pode intervir nas consecuencias que a implantación desa modificación supón no servizo, xa llo ten dito anteriormente.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que eles, respecto das consecuencias que isto poida traer, a través da ordenanza municipal, dende logo que a calquera persoa que non teña os medios suficientes para poder ter este servizo pagando, o vai ter gratis, porque a través da ordenanza de emerxencia social así se recolle xa nestes momentos.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que non entende a que obedece esa confusión de mesturar diferentes ordenanzas. Son diferentes servizos, son diferentes perfís, diferentes requisitos, ..., non entende esa mestura.

Dona M^a Jesús González Roel explica que a través da ordenanza de emerxencia social, ás persoas que non poden pagar calquera servizo, este ou outro, se entran dentro dos requisitos da ordenanza e unha persoa non pode pagar un servizo, váiselle pagar. Simplemente é iso, para aplicar a ordenanza de emerxencia social non fai falta estar na indixencia, nin moito menos, poden ser persoas que nestes momentos, polo que sexa, non poden pagar ese tipo de servizos, ou outros, e entón váiselles axudar, xa se lles está axudando.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a modificación do texto do acordo regulador núm. 5 de prezo público polo servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais segundo se transcribe a continuación:

Modifícase o apartado 1.1. – Tarifa 1 do artigo 5^o do presente acordo regulador, quedando como segue:

“1.1.- Tarifa 1. Para a determinación da contía a aboar, pola prestación do servizo de axuda no fogar a persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (Referenciada ao IPREM) ata	Grao I	Grao II	Grao III
	Menor ou igual a 20 horas	Menor ou igual a 45 horas	Menor ou igual a 70 horas
100%	0,00%	0,00%	0,00%
115%	4,52%	9,61%	14,70%
125%	5,41%	11,50%	17,58%
150%	5,55%	11,79%	18,03%
175%	5,65%	12,00%	18,35%
200%	5,72%	12,16%	18,60%
215%	5,81%	12,34%	18,87%
250%	6,03%	12,82%	19,61%
300%	6,24%	13,26%	20,29%
350%	6,42%	13,63%	20,85%
400%	6,54%	13,90%	21,25%
450%	6,63%	14,09%	21,55%
500%	6,70%	14,25%	21,79%
Superior ao 500%	6,76%	14,36%	21,97%

Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no Plan Individualizado de Atención (PIA), ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do servizo de axuda no fogar (SAF), con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

En ningún caso o importe da participación económica a ingresar pola persoa usuaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder do 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.”

Segundo: Publicar este acordo para o seu xeral coñecemento no *Boletín Oficial da Provincia* segundo o disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: A presente modificación do acordo regulador do prezo público producirá efectos a partir do 1 de febreiro de 2014.

2.4. Aprobación inicial, se procede, da modificación da Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación do día 21 de novembro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Voluntariado o día 26 de novembro de 2013.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que neste caso, aproveitando que tiveron que cambiar a ordenanza reguladora, simplemente se trata de modificar e cambiar o texto dalgúns dos artigos que compoñen a ordenanza. Concretamente o artigo 9, no punto número 1, simplemente é un cambio de literatura, o artigo 16 e o 18. Aproveitando que traían a outra, tamén fan aquí uns pequenos cambios, pero son de redacción, nada máis.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que é máis do mesmo. É certo que a proposta responde a unha modificación do Decreto 149/2013, que afecta parte do articulado do Decreto 99/2012, en concreto os artigos 14.2, 59 e 61, que leva consigo unha adecuación normativa da ordenanza do servizo de axuda no fogar, pero non é menos certo tamén que a adecuación que propoñen é unha adecuación parcial da ordenanza.

Di que a modificación do artigo 16 da ordenanza é unha transcripción literal do artigo 59 do decreto anteriormente referido, así como o artigo 18 o é do artigo 61 do decreto. Nada di o equipo de goberno, non obstante, do artigo 14.2 do decreto, que permite incorporar e relaciona, unha serie de servizos que os concellos poderán incluír dentro do servizo de axuda a domicilio, así como a consecuenta táboa de baremación, servizos de podoloxía e fisioterapia, entre outros.

Segue dicindo que a modificación da ordenanza que traen a pleno afasta aos beneficiarios dos servizos, e non vai redundar no que manifestou anteriormente, unicamente quere lembrar que nas comisións informativas do pasado martes preguntaron ao goberno se á vista das modificacións propostas tiña a intención de incorporar novos servizos de axuda a domicilio ademais dos que recolle a ordenanza en vigor. Xusto é recoñecer que a resposta do goberno foi tan clara como a súa pregunta, non, contestaron ao unísono.

Conclúe dicindo que na súa intervención anterior aludiu a que o goberno municipal ten mecanismos compensatorios, afortunadamente a oposición tamén, e dende o grupo municipal socialista promoverán, que non teña dúbida a Sra. concelleira, cantas iniciativas sexan necesarias para achegar os servizos de axuda a domicilio aos que verdadeiramente os necesitan, impulsando unha ordenanza máis accesible, máis solidaria e máis xusta. O seu voto vai ser abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación da Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar nos seus artigos 9 punto 1, 16 e 18, tal e como se transcriben a continuación:

“Art.9 Causas de suspensión temporal do servizo

(...)

1. Ausencia temporal do domicilio: Neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de dous meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.(...)

Art.16 Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia

1. A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante o servizo de axuda no fogar se calculará de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determinará o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

2. Para a determinación da capacidade económica da persoa usuaria, terase en conta a situación económica acreditada polo interesado na documentación presentada para a iniciación do procedemento de recoñecemento do grado de dependencia, de acordo co establecido no artigo 21 do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro. A estes efectos si a persoa usuaria atópase no suposto previsto no artigo 16.3 do mesmo decreto, a esixencia do requisito de presentación da declaración do imposto da renda das persoas físicas será substituída pola presentación de certificación actualizada das percepcións de pensións, prestacións ou subsidios públicos das que sexa beneficiaria.

3. A capacidade económica da persoa usuaria será a determinada na resolución do programa individual de atención que, de acordo co previsto no artigo 38.2 do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, incluíra un pronunciamento expreso sobre a participación do usuario no custo do servizo.

Artigo 18 Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

1. O concello de Cambre, para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, aplicará a seguinte táboa, na que se expresa o copago en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (Referenciada ao IPREM) ATA	Grao I	Grao II	Grado III
	Menor ou igual a 20 horas	Menor ou igual a 45 horas	Menor ou igual a 70 horas
100%	0,00%	0,00%	0,00%
115%	4,52%	9,61%	14,70%
125%	5,41%	11,50%	17,58%
150%	5,55%	11,79%	18,03%
175%	5,65%	12,00%	18,35%
200%	5,72%	12,16%	18,60%
215%	5,81%	12,34%	18,87%
250%	6,03%	12,82%	19,61%
300%	6,24%	13,26%	20,29%
350%	6,42%	13,63%	20,85%
400%	6,54%	13,90%	21,25%
450%	6,63%	14,09%	21,55%
500%	6,70%	14,25%	21,79%
Superior ao 500%	6,76%	14,36%	21,97%

2. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do servizo de axuda no fogar con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas do servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grado correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas do servizo.

3. En ningún caso o importe da participación económica a ingresar pola persoa usuaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder do 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.”

Segundo: Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a modificación da ordenanza de referencia, publicándose no *Boletín Oficial da Provincia*.

Cuarto: A modificación da ordenanza entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

2.5. Aprobación definitiva do Plan de sectorización do SAU-BD8, en Quintán, Cecebre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente do día 21 de outubro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo o día 26 de novembro de 2013.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que no pleno de outubro, á parte de trasladarlles a súa opinión sobre a ineficacia na xestión urbanística, solicitaron que este asunto quedara enriba da mesa porque había cuestións que requirían aclaración e mellor estudo. O alcalde quedou en convocalos para atender a esas cuestións, pero non o fixo, así que están de novo no pleno de novembro sen dar aclaración sobre as mesmas cuestións. Ata aquí e nestas condicións os traen, e do Sr. alcalde é a responsabilidade. É verdade, e ten que dicilo, que na xunta de voceiros falaron do tema e onte na xunta que tiveron sobre o Plan xeral tamén se falou un pouco deste tema, pero case sen tempo real para discutir a importancia que ten todo isto.

Dilles o goberno municipal que o documento cumpre a normativa vixente, dillelo sen darse de conta que un documento deste tipo leva consigo decisións de carácter político-urbanístico que son necesarias tomar, cuestións que este pleno debe debater e votar en conciencia e que afectan á política urbanística do concello.

Expón que vai empezar a enumerar algunha das consideracións que eles fan respecto disto. O sistema viario, o ancho da beirarrúa e o lixo. Di que o ancho mínimo das beirarrúas que esixe a Xunta de Galicia é un ancho mínimo de 1,80 libre. No plano 2.3 marca no vial 1 un ancho de 2,50 e colócanlle enriba das beirarrúas contedores de 1 metro, polo tanto queda 1,50 libre, co cal xa non cumpre coas esixencias da Xunta de Galicia.

No plano 2.12, non obstante, debuxan a beirarrúa cun ancho de 3 metros, quitando 1 metro para o contedor, quedánlles 2 metros, polo que si cumprirían. Ou sexa, que nunhas cumpren a normativa e noutras beirarrúas, non. Eles están seguros de que é un erro, e de que non hai mala intención, pero é un erro que hai que aclarar e rectificar sen dúbida antes da aprobación definitiva, xa que nun plano se cumpre coas condicións da Xunta e noutro, non. Pregunta cal é o que vale.

Manifesta que só este motivo xa é suficiente para paralizar a aprobación e solicitar que se presente nova documentación por parte da empresa onde se modifique esa cuestión. Pero, ademais, o sistema viario é dunha soa dirección en todo o percorrido cun ancho rodado de 3,50 metros, agás no primeiro tramo, o vial V01. A colocación dos contedores obriga ao camión do lixo a percorrer todo o perímetro da urbanización,

isto sería un problema menor, se non fora porque o radio de xiro nas esquinas que debuxan, é un radio de 5 metros, que non é suficiente, cando en todos os manuais piden un radio mínimo de 8 metros. Polo tanto, volven ter outro erro, están aprobando algo que, ou realmente non viron, ou simplemente o van aprobar porque o trae unha empresa e fóra.

Di que eles propoñen que se comprobe o do radio de xiro e se avalíe colocar nun área concentrada, na entrada, o groso de contedores, tamén os de papel e vidro que agora non se contemplan. Non contemplar estas cuestións traerá problemas máis tarde.

En canto aos prazos de execución, a aprobación dun plan contén a obriga da súa execución nun prazo razoable, o demais é especulación, e eles queren cambiar o urbanismo de Cambre. Todos o levaban no seu programa e todos dixeron e din que o urbanismo en Cambre é penoso e deben cambialo, teñen unha oportunidade de facelo neste momento, entre todos ademais.

A razón dese precepto legal é que cada vez que se aproba un planeamento do solo, sube o prezo. Prevén un prazo de execución de seis anos a partir da aprobación, o que eles consideran excesivo. O prazo que eles consideran razoable para a redacción de documentos, proxecto de urbanización, estatutos, bases, xunta de compensación, etc., é 18 meses. A execución para rematar as obras de urbanización dous anos.

Di que falta no proxecto definir o prazo para executar a edificación. Eles propoñen, neste caso, como prazo razoable que demostra un verdadeiro interese na súa execución, o de 4 anos, para que o total das obras de urbanización estean rematadas, beirarrúas e servizos. E para as obras de edificación darían un prazo de 6 anos a partir de que se aprobe o proxecto de sectorización.

Di que iso é unha decisión política, que é o que viñan dicindo no pleno do anterior mes, e por iso querían tratalo nunha comisión de urbanismo, non foi posible. É unha decisión política que deben tomar entre todos para pechar a porta á especulación. A eles impórtalles e segue a importarlles moitísimo este tema.

En canto á xustificación da solvencia económica, a lei obriga a que se xustifique a solvencia económica do promotor do plan. Xustifícase no apartado 14 do plan, onde se di que a promotora é “General de Terrenos e Edificios, S.L.” sociedade unipersonal pertencente ao grupo de empresa cuxa sociedade matriz é o grupo de empresas do Banco Pastor.

Por outra parte, díselles que no balance da promotora a 31 de decembro de 2008 contabilízanse activos por valor de 81 millóns de euros. O orzamento previsto é de 2 millóns de euros. Con isto enténdese xustificada a solvencia económica, pero para eles, e visto todo o que ocorreu sobre todo no sector bancario dende o ano 2008 ata o 2013, faise necesario que a xustificación da solvencia económica sexa a día de hoxe, non a data do 2008. Necesitan saber a solvencia económica a día de hoxe para levar a cabo o proxecto.

Di que propoñen que se solicite xustificación de solvencia neste momento, e que sexa fiscalizada pola interventora municipal, que emitirá un informe.

En canto á parcela dotacional, non deben esquecer que a aprobación do planeamento é un acto de contido discrecional, ao contrario das licenzas que son actos regrados. Isto quere dicir que á parte do cumprimento das disposicións legais, hai decisións que dependen dos intereses que se defenden e que sempre teñen que ter como premisa o público.

Neste caso, di que eles defenden a modificación da situación da parcela dotacional, situándoa onde está a actual zona verde, cambiando a zona verde para a dotacional. Colocar os excesos de superficie cedida coa clasificación de dotacional. A xustificación baséase en que desta forma a parcela dotacional sitúase máis próxima ao núcleo de poboación e achégalles máis capacidade para a edificabilidade.

En definitiva, neste caso é máis interesante conseguir capacidade dotacional que de zonas verdes. A parcela dotacional proposta está afectada pola liña límite de edificación da Lei de estradas, o que mingua en superficie a construción posible. Isto quere dicir que é posible que a edificabilidade prevista non poida realizarse posto que queda a expensas dun informe posterior de Estradas.

Eles propoñen que se modifique a situación dotacional e se lle dea máis superficie a esta parcela, o que implica maior posibilidade de edificabilidade, o que quere dicir, maior posibilidade de crear dotacións tan necesarias nesa zona.

Toma a palabra o Sr. alcalde para rogarlle ao Sr. García Patiño que vaia acabando.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que supón que lle deixará explicar o que ten que dicir, porque o Sr. alcalde non creou a comisión onde querían facelo. Supón que aquí lle deixará explicalo.

O Sr. alcalde contesta que dende logo, pero que lle roga que vaia rematando.

Don Óscar Alfonso García Patiño explica que o que quería dicir co que dixo é que é verdade que a lei marca que se ten que deixar un 10% de zonas verdes en todas as edificacións, pero esa empresa deixa moito máis dese 10%. Pola contra, déixalles 1500 metros, aproximadamente, de dotacións, cando poden conseguir 3000 metros de dotacións na zona de Cecebre, para así facer a escola infantil, para facer unha casa da cultura, para facer o que necesiten. Nestes momentos esa zona de dotación aparece pegada á autoestrada e seguramente pola lei de estradas non poidan nin facer eses 1500 metros que teñen previsto. Eles o que din é que o poñan máis preto das vivendas.

En canto á parcela de zona libre privada 2, a aliñación debe ser a mesma, por iso propoñen cambiar a aliñación. Se ven os planos poden darse conta de que é unha aliñación que non ten lugar na zona libre privada 2.

A conservación da urbanización é algo que tampouco se estaba facendo aquí, ou polo menos eles o descoñecen. Di o artigo 74 da lei que hai que determinar a obrigação de conservación expresando se correrá por conta do municipio, dos futuros propietarios,

ou dos promotores da urbanización. Este proxecto traslada directamente a carga ao Concello de Cambre.

Expón que neste tipo de operacións de urbanización de iniciativa privada, para garantir que se transmiten en bo estado e, dado que se dan en lugares apartados da actividade urbana, deberíase encargarse da conservación, nos primeiros anos, o promotor. Habería que definilo e, como mínimo, consistiría en zonas verdes, prazas, pistas polideportivas, etc. Propoñen que da conservación dos SAU, neste e nos que se desenvolvan a partir de hoxe, se encargue o promotor nos primeiros cinco anos, e din o promotor porque así non cargan aos compradores con esta carga.

En moitos concellos isto estase facendo, pero en Cambre veñen sufrindo que se fan urbanizacións, pásanlles as zonas verdes, pásanlles as zonas de parques, pásanlles prazas, pistas polideportivas e, segundo as entregan ao concello, dende o minuto 1, o concello ten que facerse cargo diso, e logo sofren que a herba non crece, o rego non funciona ou a que a pista cede. Por iso, entenden que durante cinco anos deben ser os promotores os que se encarguen dese mantemento.

En canto á instalación afectada por viario, da que falamos este día, a caseta e antena receptora de televisión queda afectada polo novo trazado do viario. Habería que saber de quen é a caseta, quen vai pagar o seu traslado e onde se vai trasladar.

Di que teñen outro problema engadido, do que tamén falamos, que é o tema da barreira sónica, se é necesaria. Queren que se deixe claro quen correrá con eses gastos, cren que debe ser o promotor e queren que se indique neste documento.

En conclusión, solicitan que se retire de novo o documento para que se incorporen esas esixencias en beneficio do público, ou polo menos poder discutilas e achegalas a este documento. En caso contrario, o seu voto será desfavorable, por entender que parte do contido do documento é lesivo para o interese xeral e, en concreto, para o Concello de Cambre.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que este convenio urbanístico...

O Sr. alcalde intervén para aclarar que non é un convenio urbanístico.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que efectivamente, e que este SAU, este plan parcial, está contemplado nas Normas subsidiarias do concello, nunhas normas obsoletas, antigas, que veñen do ano 1994 e que nalgún caso non están adaptadas nin sequera á normativa vixente. Nese sentido, eles neste caso estarán presentes e vixiantes para que se cumpra coa normativa vixente, co fin de asegurar os beneficios que se poidan achegar para os veciños e para o propio concello.

A el gustaríalle que Cambre se desenvolvera en todos os sentidos, tamén urbanisticamente, Cambre é un sitio agradable para vivir, e se fan 85 vivendas en Quintán, ou se fan 20 noutro lugar calquera, teñen que achegar algo de riqueza para o concello, polo menos algo de traballo. Simplemente quere salientar unha cuestión, que cando se publicou que en Cambre se ían facer 85 vivendas en Quintán, polo concello

pasaron non sabe se centos de persoas, pero si un montón delas para solicitar traballo. El non sabe se é o concello o organismo competente para dar ese traballo, pero, en todo caso, hai unha demanda importante.

Conclúe dicindo que eles, nese sentido, xa dixo que van estar vixiantes para que se cumpran as normativas vixentes e, vanse abster na votación.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo, e sen querer ser redundantes nos argumentos expostos no pleno anterior, trasladan a todos o seu posicionamento contrario porque, ao seu modo de ver, o que está detrás desta proposta, deste SAU, é un interese especulador.

É lícito por parte dunha empresa privada intentar maximizar beneficios e obter o máximo rédito político, eles así o entenden dentro da sociedade na que viven, pero entenden tamén que non é que sexa só lícito, senón que ademais é o esperable e o esixible que, por parte neste caso do goberno municipal, se intente forzar a máquina coas ferramentas que a administración pública ten ao seu dispor. Intentar que dalgunha maneira reverta no pobo de Cambre o maior beneficio posible derivado do crecemento demográfico e urbanístico que vén experimentando o concello nas últimas décadas, por exemplo en casos como este de Quintán.

Di que para o BNG, e queren deixalo claro no pleno, existe un posicionamento contrario dende un punto de vista ideolóxico. Eles consideran que este modelo urbanístico está condenado pola historia, forma parte dos temarios a estudar nas escolas universitarias de arquitectura como un urbanismo, como unha maneira de ordenar o crecemento poboacional, total e absolutamente fracasado. E na súa translación a Cambre, vai favorecer que a xente que chegue a este concello non se integre debidamente na trama urbana existente, e dalgunha maneira se creen as sinerxías necesarias para que, neste caso a parroquia de Cecebre, creza de maneira máis harmónica e máis sostible.

Continúa dicindo que no século XXI seguen creando e apostando por barrios residenciais, por urbanizacións dormitorio que non están inxeridas no que debería ser un crecemento ordenado do concello, e iso permítese porque non teñen Plan xeral, e mentres réxense polas Normas subsidiarias do ano 94. Ven como determinados piratas urbanísticos, como os que están detrás desta urbanización, fan o seu agosto.

Expón que aquí non hai ninguén que queira sacar agora mesmo adiante esa urbanización. Se fora ese o caso, eles si calibrarían doutra maneira, porque podería resultar que houbera uns empresarios que quixeran agora, neste momento dos brotes verdes, sacar adiante esas 86 vivendas, e facelas, pero non, aquí o que queren é, única e exclusivamente, antes de que se aprobe o Plan xeral, antes de que poida haber outro tipo de medidas máis restritivas, facer valer lexitimamente os seus dereitos.

Continúa dicindo que é o urbanismo total e absolutamente especulador e cainita que se fixo en Cambre durante os últimos 30 anos, e aí o Sr. alcalde si que ten responsabilidade, porque podendo permanecer virxinal ata o día de hoxe, lembra que

no anterior pleno o Sr. alcalde non tivo a valentía política de explicitar cal era a súa postura. El tivo coñecemento de cal era a postura do goberno municipal na xunta de voceiros á que asistiu a pasada semana, pero aquí hai que mollarse, hai que tomar postura. Moitas veces sérvenlles un argumento falaz, que isto vén cos informes técnicos favorables, pero non, isto vén ao pleno porque ten que vir ao pleno, e no pleno cada un pode votar a prol, votar en contra, absterse, non votar, pero é unha cuestión que esixe unha determinación e un posicionamento político, por iso vén ao pleno, senón non viría. Se non tivera os informes técnicos preceptivos favorables xa non chegaría ao pleno, pero eles teñen a potestade de votar en contra, de intentar minorar o proceso e de sacar adiante o Plan xeral canto antes. A razón para iso é que hai unha serie de argumentos técnicos, pero técnicos ao servizo do pobo, non dos especuladores, que así o demostran, como sucintamente explicou moi ben o compañeiro de UxC.

Xa dixo que eles están en contra de que isto se faga e de que isto se faga así, porque entenden que se poden maximizar beneficios para o pobo de Cambre, e non entenden dende unha formulación honesta e transparente cal é a motivación que ten un goberno municipal para sacar adiante isto que, a todas luces, ao seu modo de ver, é unha auténtica barbaridade.

Expón que detrás disto está o Banco Pastor, que agora é o Banco Popular. Son uns señores que están en Madrid, que están desinvestindo toda e canta infraestutura tiñan no país, que están botando á rúa toda e canta man de obra cualificada existía na Galicia dependente das súas carteiras industriais e empresariais, e que intentan dalgunha maneira salvar os mobles e converter en activos cousas como estas.

Di que é unha mágoa que un goberno municipal facilite esta cuestión mentres moita xente que se dedica á construción, a pequena e mediana escala, sofre porque non hai un Plan xeral e non pode obrar. E estes, que van de listos pola vida, veñen aquí facer o negocio redondo.

Continúa dicindo que eles entendían que esta era unha boa oportunidade e ofreceron os seus dous votos neste salón de plenos de vinte e un concelleiros e concelleiras para parar isto, para amosar e lanzar unha mensaxe á sociedade de que en Cambre se ían facer as cousas, de agora en adiante, dunha maneira diferente e que se lle ía poñer coto á especulación e aos piratas do urbanismo. Tristemente non vai ser así, dende logo non lles arrendan a ganancia.

A maiores disto, e tocando o tema do urbanismo, xa se ve a súa brillante xestión no plano urbanístico coa rescisión do contrato coa concesionaria que tiña encomendado tal labor. Aí si que quere o goberno socializar perdas, aí si que falan de poñerse de acordo coa oposición. Xa hai máis dun ano que o BNG lles dixo que tiñan o seu apoio, porque todo o mundo vía que iso non ía adiante de ningunha das maneiras. Perderon un ano para sacar o Plan xeral adiante e, mentres tanto, seguirán vindo máis SAUs a este salón de plenos, seguirá vindo máis xente ao abeiro das disposicións contempladas nas Normas subsidiarias do ano 94, e cando aproben o Plan xeral xa o goso do pescado estará vendido, e seguro que aprobarán un Plan xeral magnánimo e estupendo. Ese é o urbanismo do goberno municipal, non é, dende logo, o do BNG.

Tamén simplemente sumarse á proposta de don Óscar García Patiño de que haxa unha parcela dotacional máis ampla, porque ademais vai ser necesaria.

Toma a palabra o Sr. alcalde para pregarlle que vaia rematando.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que si, que remata, e como detrás disto está o Banco Popular, que é o banco do Opus Dei, supón que haberá que facer un colexio para nenos e un colexio para nenas, e entón non estaría de máis aumentar a metraxa dotacional, e unha igrexa por suposto, ben grande.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo queren dicir que este plan de sectorización que hoxe se trae a consideración para a súa aprobación no pleno non é unha actuación que lles encante. Entenden que é manifestamente mellorable, pero obedece á deficiente normativa urbanística que teñen a día de hoxe, ás Normas subsidiarias, filtradas polas normas autonómicas de regulación do solo, esa é a realidade.

Entenden que, de todas formas, ténselle dado un trato de favor excesivo a esta actuación. Seis anos para o desenvolvemento deste plan de sectorización entenden que é excesivo e, dende logo, van estar á espreita cando se presente o proxecto de urbanización e o proxecto de compensación, para defender da mellor forma os intereses colectivos dos veciños e do concello.

Tamén é certo que o promotor deste expediente de plan de sectorización ten todo o dereito a que se resolva, e conta cos informes técnicos que así avalan a súa legalidade, polo tanto, en aplicación, como non pode ser doutra forma, do principio de seguridade xurídica, o promotor ten dereito a que se resolva, pero eles dende logo non van apoiar este proxecto tal e como se lles presenta. De todas formas non van votar en contra e o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que quereda facerlle un apunte ao voceiro do PSdeG-PSOE, porque no plan de urbanización non van poder decidir moitas das cousas que se van aprobar hoxe, se é que se aproban. O que agora se decide son os anchos das beirarrúas e no plan de urbanización o que deciden é que tipo de beirarrúa facer ou que tipo de asfalto, pero non van poder cambiar eses planos. É unha puntualización, nada máis. Non deben facerse ilusións en canto a iso, porque a empresa vai telo aprobado e vai facer o que lle dea a gana. Nese caso, con toda a razón do mundo, ademais.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. García Patiño que aquí o que se trae a pleno, como simple aclaración, é o plan de sectorización dun SAU, falta o proxecto construtivo ao que el se refire, e iso que non tiña información. Dille que falta todo o proxecto construtivo e que aí é cando os servizos municipais terán que dicir o que teñan que dicir, e se nese momento non lles chega a dotación municipal e eles están no goberno, ampliarana, e se non chegan as beirarrúas, tamén as ampliarán, pero será no momento do proxecto construtivo.

Expón que o Sr. García Patiño pode dicir o que queira, é a súa opinión, pero eles teñen a súa. A obrigación que eles teñen ante este expediente de plan de

sectorización, que por certo foi xa aprobado por resolución de Alcaldía no ano 2010, e exposto ao público, ten todos os parabéns dos servizos municipais e dos servizos da Xunta, e é obriga súa, como alcalde, de cumprindo coa lei, traelo a pleno. É a súa obriga, e o Sr. García Patiño así o dixo, é un acto regrado, e como acto regrado el ten que traelo a pleno, e por iso o fan, non por outra cousa.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que isto queda gravado en acta e supón que dentro duns anos verán quen ten razón. O Sr. alcalde non vai poder ampliar a zona de dotación, por moito que se poña, non vai poder facelo porque a esta aprobando agora. El o que trouxo aquí son suxestións, nada máis, suxestións políticas, e se o Sr. alcalde non as recolle, el saberá. Iso é responsabilidade del e de quen vote a prol.

O Sr. alcalde contesta que naturalmente, para iso é o alcalde.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e o concelleiro do PDG, integrante do GM. Votan en contra os tres concelleiros de UxC e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU e o concelleiro de PdeC, integrante do GM.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar definitivamente o Plan de sectorización do solo apto para urbanizar residencia de baixa densidade núm. 8 das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre sito en Quintán-Cecebre, promovido por General de Terrenos y Edificios, S.L., e elaborado polo arquitecto don Andrés Soto Núñez, de conformidade co artigo 74 destas Normas subsidiarias do planeamento e cos artigos 46-4 e 86-1 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Segundo: Publicar este acordo de aprobación definitiva no *Diario Oficial de Galicia*, así como a normativa e ordenanzas deste Plan de sectorización no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co artigo 92.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Terceiro: Comunicar ao conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura a aprobación definitiva deste instrumento de ordenación e darlle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares del, de conformidade co artigo 92.3 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2.6. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Este punto non foi utilizado.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para instar ao presidente da Xunta de Galicia a que esixa do Goberno do Estado a paralización da venda de Novagalicia Banco

Rexistrada de entrada ao núm. 15647 o día 23 de novembro de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“Esta mesma semana comezou o proceso de venda de Novagalicia Banco, a última entidade financeira de Galicia. Trátase dunha entidade con forte arraigo no territorio do país e que aglutina o 40% dos aforros dos galegos e galegas, a entidade, por outra banda, encóntrase nas mans do FROB tras terse inxectado nela uns 9000 millóns de euros en axudas públicas dende decembro do 2012.

A venda producírase catro anos antes do prazo recollido no memorando asinado polas autoridades españolas e a Comisión Europea. E vaise producir, nun momento no que a entidade presenta o seu nivel máis alto de solvencia, que se duplicou de xaneiro a setembro deste ano, o que lle permitiu devolver anticipadamente ao BCE 1150 millóns de euros e facer unha amortización anticipada en setembro deste ano da débeda maiorista avalada polo Estado por importe de importe de 949 millóns de euros.

Por outra banda, esta venda chega tras unha importante reestruturación da entidade e tras a celebración dun ERE que xa ten producido máis de 1800 despedimentos, e endurecido as condicións laborais dos seus traballadores.

O proceso estase a levar a cabo polo FROB cunha total falta de transparencia:

- Descoñécense os potenciais compradores.
- Así mesmo, descoñécese o prezo de venda, aínda que se sabe polo manifestado polo director xeral do FROB que se conforman con recuperar apenas o 55% do valor en libros de NCG Banco, lonxe, polo tanto, do total das axudas públicas do Estado español que recibiu a entidade por valor de 9000 millóns de euros.
- Do mesmo modo, os galegos ignoramos os motivos do adiamento da venda do NCG Banco, fronte outras entidades tamén intervistas e antes do prazo fixado coa Comisión Europea. O Estado renuncia, desta forma, á recuperación da maior parte das axudas públicas recibidas, que entre todos os españois

pagamos e que constitúen causa directa dos recortes sociais que os cidadáns estamos a sufrir.

- Tampouco sabemos os criterios que pesarán na elección do comprador aínda que coñecemos, polas declaracións do director xeral do FROB Antonio Carrascosa, que nin o mantemento dos 4500 empregados de NGC, nin o mantemento do centro de decisión da entidade en Galicia, nin o destino dos importantísimos fondos culturais e artísticos están neste momento enriba da mesa. Serán, polo tanto, criterios alleos aos intereses de Galicia os que determinarán a venda.

Os traballadores da entidade, os sindicatos, os partidos políticos, a Confederación de empresarios de Galicia, o Círculo de empresarios de Galicia, a Cámara de Comercio galega, teñen amosado a súa fonda preocupación por esta operación e a necesidade tanto de conservar os postos de traballo como os centros de decisión da entidade en territorio galego.

E todo isto esta a suceder baixo a máis absoluta pasividade do presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Núñez Feijoo, que agás algunha superficial e tardía declaración, forzada pola presión da oposición e da opinión pública, non parece preocupado polo que esta operación poida supoñer para os intereses desta comunidade autónoma.

Por todo o exposto, este grupo propón:

Primeiro: Instar ao presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Núñez Feijoo a que interveña esixindo a paralización da venda de NCG Banco ata que o procedemento de venda cumpra cos mínimos de transparencia esixibles nunha democracia.

Segundo: Demandar ao presidente da Xunta que defenda, ante o FROB e o Ministerio de Economía, os intereses de Galicia e esixa a inclusión, nos criterios de venda da entidade, a garantía do mantemento do maior número de postos de traballo, o mantemento do centro de decisión da entidade e dos importantes fondos artísticos en Galicia.”

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por doce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

A continuación, o Sr. alcalde informa que hai unha moción presentada por EU.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén trouxo hoxe unha moción para votar a súa urxencia. Pregunta se vai permitir polo menos explicar a urxencia ou non.

O Sr. alcalde contesta que non llo vai permitir, porque UxC púxolles esta moción enriba da mesa, algo que xa ten feito o goberno municipal, e UxC ten a mesma

oportunidade que teñen os demais grupos da oposición de presentala en tempo e forma, como teñen feito todos os demais.

Don Óscar Alfonso García Patiño explica que no artigo 115.1 c) hai un parágrafo que di que: *“Malia o anterior, e cando a propia urxencia do asunto que hai que tratar non permita formular a moción por escrito e coa antelación establecida, poderase formular oralmente ante a Corporación.”*. Di que xa teñen traído unha no seu día e foi así, agora non sabe cal é o criterio que se vai seguir, e gustaríalle que, se é posible, por parte da secretaria se aclare, porque poden estar equivocados.

A Sra. secretaria da Corporación explica que esta moción non é precisamente das do 115.1.c), non é das de competencia do pleno, e cando se tratou a outra moción tratouse na parte declarativa.

Neste caso, se a quere tratar o Sr. alcalde, sería na parte declarativa, porque non é da competencia do pleno. Sería, en tal caso, unha moción das do artigo 125, aínda que tampouco se adecúa moito ao 125 da parte declarativa, porque a definición que se deu no regulamento era que se entende por moción non resolutiva a proposta presentada por un ou por varios grupos políticos, ou por un concelleiro no seu caso, para que o pleno formule unha declaración ou manifieste a súa posición política en relación cun tema de interese municipal. Polo tanto, se o Sr. alcalde a quere tratar na parte declarativa do 125, pode, se non, en realidade serían rogos, porque están proponendo que se remita unha relación de documentos que se relacionan, a uns organismos.

Don Óscar Alfonso García Patiño agradece a resposta e di que entón depende do Sr. alcalde se ten a ben tratala ou non.

O Sr. alcalde di que pasan á moción de EU.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal de EU de oposición ao proxecto de Lei de racionalización e sostibilidade da Administración local

Rexistrada de entrada ao núm. 15644 o día 23 de novembro de 2013, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Os alcaldes e alcaldesas de todos os grupos políticos, exceptuando o Partido Popular, amosaron o pasado 13 de outubro en Madrid, a súa posición radicalmente contraria ao proxecto de Lei de racionalización e sostibilidade da Administración local,

lendo un manifesto do que algún dos seus extractos conforman a presente exposición de motivos:

O Goberno presenta esta reforma co único obxectivo de dar cumprimento á Lei orgánica de estabilidade orzamentaria. E pretende basearse no argumento da carga financeira e económica que as corporacións locais significan para a economía do país. Trátase dunha afirmación sen fundamento, posto que o endebedamento público das entidades locais está ao redor do 4% do PIB, mentres que o seu déficit conxunto público total acadou no 2012 o 0,3% e será do 0% para o período 2013-2015. Estamos ante unha apreciación errónea dos fins constitucionais da administración pública, que non son outros que servir eficazmente aos intereses dos cidadáns e onde as restricións orzamentarias constitúen unha limitación que se respecta totalmente polas corporacións locais, e non un fin en si mesmo.

Pero ademais, son as administracións locais as únicas que están a diminuír o seu nivel de endebedamento, de modo que no 2012 máis de tres mil concellos tiveron superávit nas súas liquidacións orzamentarias.

O cidadán, que é a quen nos debemos, acode a quen lle presta mellor os servizos e se para este fin acode aos municipios, en lugar de a outros entes de maior ámbito territorial, é porque percibe que da proximidade na prestación se proporcionan servizos onde as súas necesidades particulares teñen mellor acomodo.

A ampliación do ámbito territorial do ente prestador provoca, indubidablemente, a perda de atención á particularidade; por outro lado, a eliminación de alternativas ao cidadán non provoca maior benestar a este, senón pura prestación monopolística dos servizos e a clara tentación a privatizar a súa xestión e/ou a requirir maiores pagamentos ou copagos polo acceso a estes, o que indubidablemente redundará nuns servizos de menor calidade e maior custo para o cidadán.

Esta vai ser a consecuencia ineludible da nova lei: servizos de moita peor calidade cun custo máis elevado que terán que custear os cidadáns.

O texto presentado, e que se pretende entre en vigor o 1 de xaneiro de 2014, erosiona a autonomía local non respectando as competencias municipais, non ten en conta os principios de proximidade e de equidade na prestación dos servizos públicos, non respecta as competencias das comunidades autónomas nin as distintas peculiaridades e realidades históricas recoñecidas nos respectivos estatutos de autonomía e pon en perigo a prestación dos servizos sociais básicos que tanto necesitan os cidadáns nestes momentos de dura crise económica.

Pero ademais, supón obviar os compromisos internacionais adquiridos por España coa firma da Carta Europea de Autonomía Local en 1985, que establece que o contido do compromiso adquirido coa adhesión maniféstase en que as entidades locais teñan 'liberdade plena' para exercer 'a súa iniciativa en toda materia que non estea excluída da súa competencia ou atribuída a outra autoridade'. Este desprezo en pouco coaduxa a manter unha credibilidade exterior imprescindible en momentos de crise como a actual, máxime cando claramente o modelo proposto non é nin máis eficaz nin máis económico.

Ao contrario, o modelo proposto polo goberno significará unha grande ineficiencia na prestación de servizos básicos (recollida e tratamento de residuos sólidos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías) pero tamén nas prestacións sociais fundamentais para millóns de cidadáns. Servizos de atención domiciliaria, teleasistencia, menores, discapacidade, inclusión de inmigrantes, infancia, dependencia, maiores ... deixarán de ser prestados dende o coñecemento que proporciona a proximidade, perderán a súa calidade e eventualmente poderían deixar de dar cobertura a moitos cidadáns.

Por todo o anterior o pleno do concello asume os seguintes acordos:

Primeiro: O Concello de Cambre amosa o seu rexeitamento á reforma da Administración local e solicita ao Goberno da nación que, co fin de evitar a intervención do Tribunal Constitucional, retire o seu proxecto de lei e elabore un novo sobre a base dos principios de consenso e dos compromisos políticos básicos, debendo contar coa participación das administracións locais, tanto directamente como a través das comunidades autónomas no ámbito das súas competencias.

Segundo: Dar traslado dos acordos aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e ao presidente do Goberno.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai votar a prol. Están absolutamente de acordo co contido da moción, cren que o proxecto, a lei que se está debatendo no Congreso dos Deputados e no Senado vai en contra non só da autonomía local, senón tamén da autonomía das comunidades autónomas e, fundamentalmente, dos cidadáns que van ser os que se van ver prexudicados pola supresión de servizos públicos e pola apertura da porta á súa privatización. Por todo iso, o seu grupo manifesta o voto a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por doce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción do grupo municipal do BNG para paralizar a venda de Novagalicia Banco

Rexistrada de entrada ao núm. 15645 o día 23 de novembro de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“A importancia estratéxica para Galicia da permanencia de Novagalicia Banco como Banco Galego Independente non se pode poñer en dúbida ao tratarse dunha ferramenta fundamental para a subsistencia en Galicia do aforro dos galegos e das galegas, co fin de que sexa destinado prioritariamente a fornecer de crédito para o desenvolvemento dos sectores estratéxicos da economía do país.

Esta permanencia está ameazada polo anuncio do FROB de vender a entidade antes de rematar o ano a través dunha poxa, unha ameaza que afecta a Galicia mentres o Goberno do Estado español respecta a permanencia de Bankia, entidade que se negan a vender por considerala unha entidade sistémica para España.

Mais para Galicia, Novagalicia Banco, tamén é sistémica por centralizar o aforro de miles de galegos e galegas, constituír un patrimonio económico fundamental para o desenvolvemento da nosa economía como pobo, prestar servizos na práctica totalidade dos concellos galegos e posuír un patrimonio cultural e de infraestruturas de vital importancia para Galicia.

A anunciada venda significaría un negocio ruinoso para as persoas contribuíntes, pois despois de destinaren máis de 9000 millóns de euros de recursos públicos para o seu saneamento, a venda en réxime de poxa só permitiría recuperar unha parte moi pequena do diñeiro público investido.

A todo isto hai que sumar a eliminación de oficinas bancarias que afectaría gravemente aos núcleos que se atopan fóra das grandes poboacións e que acotío sofren a redución de servizos de que gozaban por viviren en vilas e aldeas do rural, privados de servizos e incrementando a súa dependencia con custosos desprazamentos e perdas de tempo a outros núcleos urbanos, vilas ou cidades, resultando o acicate definitivo para abandonar o rural ao quedar desprovistos dun servizo recibido desde hai moito tempo.

Do mesmo xeito, de producirse unha venda a entidades estatais, como se aposta dende o FROB, a desaparición de empregos e vinculación territorial sería total, o que suporía un enorme número de despedimentos, xunto cunha desvinculación total das necesidades económicas galegas.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a:

Primeiro: Demandar do FROB que paralice a decisión de vender Notalicia Banco por ser unha entidade financeira sistémica para Galicia.

Segundo: Demandar do Congreso dos Deputados aprobar as reformas legais necesarias para que sexan consideradas sistémicas tamén as entidades financeiras con presenza significativa en ámbitos territoriais determinados, como o caso de NCG Banco, co fin de que se manteñan como entidades independentes cara ao futuro e con capacidade de decisión propia.

Terceiro: Opoñerse ante o Goberno do Estado a calquera tentativa de venda a outra entidade que supoña a perda do seu vencello territorial con Galicia.

Cuarto: Defender a permanencia de Novagalicia Banco como entidade financeira galega independente, estudando a alternativa da súa transformación nun Banco Público Galego.

Quinto: Instar á Xunta de Galicia a exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que as persoas adquirentes de participacións preferentes das extintas caixas de aforro poidan recuperar inmediata e integramente a totalidade dos seus aforros.”

Tras dar lectura á moción presentada, don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, expón que, logo da exposición, nada máis quere facer fincapé nunha cuestión. O PP en Madrid considera que Bankia é unha entidade sistémica, que non se pode vender polo sistema de poxa, que ten que prevalecer existindo dentro do mapa financeiro e bancario español, e a NCG Banco a deixan total e absolutamente tirada. Supón que se absterán, ou acabarán votando en contra, no fondo tanto ten, porque a transcendencia disto é ben limitada, pero eles, como grupo municipal do BNG de Cambre, e mirándolles aos ollos a todos e cada un dos veciños, autónomos e empresarios, si queren facer fincapé ata o último segundo na necesidade de defender o máis parecido que teñen neste país a unha banca galega, mentres o PP, e este é quizais o seu drama, porque o PP é certo que ten por mandato das urnas, por mandato popular, responsabilidades de goberno tanto a nivel municipal como autonómico, pois mira para outro lado, abstédose ou ocúpanse de caerlle simpático aos que vaian ser novos donos e á xente que se vai quedar co pastel do aforro de practicamente a metade do pobo galego.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que ela, por engadir algo ao que dixo o compañeiro Daniel, agarda que tras o proceso de puxa non se confirmen os temores que teñen algúns, que é que NCG Banco sexa unha moeda de cambio para resolver intereses ou situacións políticas noutras comunidades autónomas, que non acabe en mans dalgunha entidade catalá.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros

do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por doce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

Este punto non foi utilizado.

4.2. Rogos

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 15648 o día 23 de novembro de 2013, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Nas paradas de autobús situadas a ambas marxes da estrada N-550, no lugar de Pontido, Sigrás, existe un desnivel entre a capa de asfaltado do vial e o lugar onde se sitúan as marquesiñas. Pois ben, neste espazo de terra téñense creado pozas de auga de choiva, que resultan molestas para os veciños que esperan o transporte público.

Por todo o anterior, solicitamos se reenchen estes espazos con aglomerado asfáltico.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que hai uns días estiveron cubrindo fochancas na parte baixa de Sigrás, cara ao Vilar, Aián ou Pite. Non lles deu marxe para máis o día que andaron por alí, pero el agarda que na semana que vén poidan ter o camión libre un día para poder seguir cubrindo as fochancas de toda a parroquia de Sigrás.

O problema que pasou é que normalmente dedican o camión un día á semana para tapar fochancas en distintas partes do municipio, pero levan uns 15 días nos que é imposible dispoñer dese vehículo para iso, porque están a utilizalo para outras historias máis urxentes. Ese é o motivo de que estean sen tapar, pero agarda que para a semana que vén poidan facelo. Entre a semana que vén e a seguinte el pensa que vai quedar toda a zona lista.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que nesas pozas en concreto, cando pasa o coche, a auga sáltalle á xente, e se van tardar en aplicar o aglomerado asfáltico, polo menos botarlles un pouco de zahorra para eliminalas e, posteriormente, xa virá o aglomerado.

2º Resulta frecuente observar como moitos puntos da iluminación pública municipal atópanse rodeados de vexetación, case sempre pólas de árbores, que co seu crecemento limitan ou directamente impiden cumprir co fin para o que foron instalados. Esta situación é habitual en moitos lugares do noso concello.

Por todo iso, solicitamos se dean as ordes oportunas para levar a cabo unha revisión xeral da iluminación pública municipal, rozando ou podando a vexetación que limita a súa capacidade lumínica.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, acepta o rogo.

3º Os días de feira a parada dos taxis desprázase á beirarrúa da rúa Cruceiro, onde se sitúan a cafetería Morás e a lotería. Para este servizo tíñase instalado un poste onde se situaba o teléfono de recepción de avisos. Pois ben, este poste e o seu teléfono, teñen sido retirados sen que, a pesar das reiteradas demandas realizadas polos interesados, teñan sido repostos.

Por todo o anterior, solicitamos se proceda á urgente recolocación do poste e á reposición da liña telefónica para recepción de demandas do servizo municipal de taxis.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, que ten atribuída a materia relativa á mobilidade e redes de transportes, contesta que a orde xa foi dada. Di que o día 13 deste mes foron varios taxistas a solicitarllo e intentarán que estea colocado para o próximo día 2, luns.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo agradecen ese labor. O que tamén lles gustaría, por interese dos veciños e tamén dos propios usuarios do taxi, e sobre todo polos traballadores do taxi deste concello, é saber o antes posible en que disposición está ese estudo sobre o traslado da parada dos taxis en días de feira, que se estaba facendo por parte da policía local, co fin de saber se por cuestións de seguridade viaria ese é o sitio máis axeitado ou convén cambialo. Pero di que hai que facelo con prontitude e sobre todo entende que coa colaboración dos traballadores do taxi deste concello.

Don Fernando Caride Suárez explica que a ese respecto o que lle pode informar é que por parte do goberno municipal fíxose a valoración de oito localizacións diferentes, das cales se lles deu traslado á Asociación de Autotaxis, porque xa o ten dito noutras ocasións, son conscientes de que onde esta situada a parada actualmente os días de feira ou os días que hai eventos no Campo da Feira, non é a máis adecuada. É un risco tanto para os usuarios como para os propios traballadores e por iso teñen buscado oito alternativas dentro do que é o núcleo urbano do concello. Unhas teñen uns condicionantes, outras teñen outros, e están pendentes de valoración.

Conclúe dicindo que de toda esta documentación ténselle dado traslado á Asociación de Autotaxis.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 15649 o día 23 de novembro de 2013.

1º Con respecto á “Conexión CP1706-AP9 na Barcala, E.S. Pedro de Nos-AP9.

Como sabemos este documento atópase no período de exposición pública que remata o día 4 de decembro.

Este proxecto non é outra cousa que o desenvolvemento dos viarios 11 e 17 previstos no Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros. Aprobado definitivamente no ano 2004.

Nunha primeira comprobación do documento detéctanse cuestións como:

- Que o documento carece do estudo de impacto ambiental preceptivo.
- Como consecuencia do anterior non contén o preceptivo estudo de alternativas: As alternativas son as do ano 2004, con saída na Marisqueira, a do ano 2007 e a do ano 2013, a peor para os intereses de Cambre.
- Ademais non ten en conta que no ano 2011 apróbase o POL (Plan de Ordenación do Litoral) que dispón un corredor ecolóxico vinculado ao río da Gándara.
- O proxecto proposto tamén afecta á continuidade das comunicacións no termo municipal de Cambre e Oleiros, sobre todo da rúa da Seara- conexión polígono do Temple.

Por todas estas razóns, dada a transcendencia que o proxecto ten para Cambre, o pasado martes 19 de novembro UxC solicitou por rexistro ao alcalde que pedise unha ampliación do prazo de presentación de alegacións.

Requirimos se nos informe de como van as xestións para aumentar o prazo, cal e a posición do goberno ante este asunto, e se o goberno municipal ten a intención de consensuar, coas demais forzas políticas a alegación que se presente.

O Sr. alcalde contesta que o goberno municipal, como xa manifestaron, ten intención loxicamente de facer alegacións e teñen, como todos, ata o día 4 de decembro. Eles pediron unha ampliación de prazo á Consellería, mediante un escrito remitido o día 20 de novembro, e a Xunta de Galicia xa lles respondeu que non hai aumento de prazo, ou sexa, que ese traballo está feito.

Teñen aos servizos municipais traballando nas alegacións e todos os grupos que queiran participar nesas alegacións serán ben recibidos, engadiranse ás alegacións que faga o goberno municipal ou consensuaranse entre todos e remitiranse á Xunta de Galicia.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, felicita ao Sr. alcalde pola rapidez.

O Sr. alcalde dille que non lle ten por que dar felicitacións.

Don Óscar Alfonso García Patiño contesta que cando non llas ten que dar, non llas dá, pero cando pensa que llas ten que dar, dállas. É así de sinxelo. Felicítalo pola rapidez con que fixo nesta ocasión a xestión, dálle a en hora boa e agarda que isto non saia adiante, porque cre que tanto o Sr. alcalde como eles saben que sería o peor que lles pode pasar nesa zona. Queren sacar o tráfico de autoestrada que vén de Oleiros,

xusto no colexio Portofaro, onde todos saben, ás 9:00 e ás 14:00 horas, os atascos que teñen lugar alí.

Conclúe dicindo que conte con eles para esas alegacións.

O Sr. alcalde di que agardan que non se faga, porque o túnel por debaixo da autoestrada non se vai poder ampliar, e saír dun túnel e meterse nunha rotonda, ou vir dunha rotonda e meterse nun túnel, iso vai ser un colapso para Cambre, aí están totalmente de acordo.

2º Veciños de Sigrás achégannos a súa inquietude debido aos danos no firme do Camiño Inglés nas inmediacións da igrexa da dita parroquia, así como a antiga estrada N550 ao seu paso polo núcleo de Enxertos, e o camiño que vai ao tubo que une Enxertos con Aián.

Solicitamos nos informen se teñen pensado facer algún tipo de actuación.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que el agarda que entre a semana que vén e a seguinte poidan rematar de tapar as fochancas na parroquia de Sigrás.

3º O tramo da estrada de Quintán, en Cecebre, carece de beirarrúas. Debido ao seu perigo e ao desbordamento da cuneta.

Solicitamos nos informen se teñen pensado facer algún tipo de actuación.

O Sr. alcalde di que lles dá a razón porque el, ademais, é usuario desa estrada, porque vive alí e, por desgraza, leva vivíndoo moito tempo.

Di que van facer unha pequena actuación, simplemente limpando a cuneta, para que non se desborde, porque el cre que o problema é o tubo que está ao final desa cuneta, fronte o bar A Curva, onde está a tenda. Pero a principal actuación que teñen que facer, iso é un compromiso que ten a Xunta co Concello de Cambre e, sobre todo, con Cecebre. O compromiso é que lles van facer as beirarrúas dende os Catro Camiños ata o Apeadeiro de Cecebre e, aproveitando, vaise meter tamén a rede de sumidoiros. Ese é o compromiso.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 15649 o día 23 de novembro de 2013, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º No pasado pleno municipal, ante unha iniciativa do noso grupo sobre as perdas de auga potable no concello, o concelleiro responsable informaba dos problemas e das conseguíntes derramas de varios depósitos e na propia rede de distribución polo mal estado. Para o grupo municipal de EU, resulta necesario e urxente realizar un estudo sobre o estado da rede de instalacións de subministración de auga no municipio, para coñecer os lugares precisos onde se atopan as fugas e as cantidades perdidas, co fin de actuar para corrixir a situación.

Polo exposto, pregamos ao goberno nos facilite os informes existentes e as actuacións que se están levando a cabo para dar solución aos problemas.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que para a vindeira semana agarda ter rematado o informe que lle solicitan, porque non deu tempo a preparalo, teñen os datos, pero non deu tempo a compoñer toda a información. Para a semana que vén, sen ningún problema.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, agradece a resposta e manifesta que cre que corrixir a situación de malgasto existente ten que ser unha prioridade para o goberno. A oposición, dende logo, vai esixir que se faga.

2º O PXOM é un documento imprescindible para o futuro desenvolvemento do noso concello, xa se puxo de manifesto o incumprimento por parte das empresas redactoras respecto dos prazos e irregularidades existentes na súa elaboración e trámite, que sen dúbida vai influír directamente en que Cambre non teña aprobado o plan de urbanismo na presente lexislatura.

Respecto deste grave problema, ao noso xuízo existe pouca información pública por parte do goberno dun tema que traerá graves consecuencias para o concello e os seus veciños/as.

Polo exposto, pregamos nos informen da situación actual e, do mesmo xeito, o goberno facilite información á cidadanía mediante os medios dispoñibles no concello.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que onte mantivo unha reunión con todos os voceiros e o que lles entregou foron dous informes que fan os técnicos municipais, onde analizaron toda a documentación dun suposto Plan xeral que lles tiña entregado a UTE redactora, onde se ve a mala calidade do traballo. A proposta que se fai é, ou ben rescisión do contrato, ou ben nova imposición de penalidades. Tenlles que dicir que xa teñen imposta unha penalidade dende o mes de maio, se non lembra mal.

Como xa lles comentou onte na reunión, a súa postura é nestes momentos a de rescindir o contrato. Con respecto a facilitarlle toda a información á cidadanía, di que na páxina web está colgada unha nota de prensa explicando un pouco o que pasou, e tamén saíu en prensa.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, agradece a resposta e manifesta que, efectivamente, na xuntanza que tiveron onte informáronlles da situación do Plan xeral, polo que a primeira parte da pregunta está contestada pola xuntanza que tiveron. En canto á segunda parte, dar información aos veciños, efectivamente xa está colgada na páxina web do concello unha información sobre as medidas que se van tomar, que case son afirmativas respecto da rescisión do contrato. El cre que a rescisión do contrato, se a deciden, terá que dicilo a Corporación e non o equipo de goberno. O equipo de goberno pode propoñelo, e a decisión é da Corporación.

El o que se vai queixar, como tamén fixo onte un compañeiro na xuntanza, é de que o seu grupo traia un rogo a este pleno, e xa estea contestado na páxina web do concello. Cre que é unha falta de respecto total, ao pleno, aos concelleiros e á democracia.

Pregúntalle ao equipo de goberno como eles, ante unha pregunta que EU presentou o sábado pasado, xa se anticipan e a contestan nos medios de comunicación e na páxina web do concello. A el dálle a sensación de que é un paso a seguir posteriormente, parécelle ben que o fagan con posterioridade, pero non xa anticipándose aos acontecementos. Explica que o di porque é algo que xa é reiterativo, xa pasou algunha vez máis.

Respecto da información que deu a Sra. concelleira, el pensa que habería que informar un pouco máis, aquí no pleno, das consecuencias que pode traer a contratación do próximo plan de urbanismo. Das consecuencias económicas, políticas e da tardanza que vai ter, como xa dixo onte na reunión. Non se saben os prazos, e as previsións económicas tampouco se saben.

Están xogando cuns prazos que se establecen, pero ás veces varían bastante. A realidade é que Cambre nesta lexislatura non vai ter plan de urbanismo e para a próxima xa o verán. E a avaliación dos custos tampouco a saben, pero os cidadáns de Cambre e o seu concello vese prexudicado, e o goberno tamén, como dicía onte, e a Corporación tamén, porque non lle van botar toda a culpa á empresa. Cre que ao mellor teñen que repartirse un pouco a culpa, el dende logo non se vai considerar responsable, en calquera caso será o goberno municipal.

Pero as consecuencias que van ter os veciños, ninguén llelas vai compensar. A xente que tiña a expectativa de poder facer unha casa na actualidade, ou en prazo próximo, non vai poder realizalo. Esa é unha consecuencia que van sufrir os veciños, á parte do desprestixio que está sufrindo o concello por non ter un Plan xeral de ordenación municipal.

Pero reitera e dille ao Sr. alcalde, que onte tomou boa nota e dixo que non ía ocorrer máis o de publicar as cousas antes de contestarles a eles, que o grupo municipal de EU non vai acudir a ningunha reunión se antes o goberno manda unha nota de prensa informando de todo. Xa o din agora, se informan antes, que con eles non contan, porque para eles iso é antidemocrático.

O Sr. alcalde dille ao voceiro de EU que se está a contradicir a si mesmo. Di que non se fai responsable de cancelar o contrato ou non facelo e, non obstante, tamén di que é unha responsabilidade da Corporación. El dille que a responsabilidade é de todos, pero a rescisión do contrato ou a firma do contrato non é da Corporación, é do equipo de goberno e concretamente do concelleiro de Contratación.

Eles teñen que cumprir estritamente uns prazos. Foron xenerosos en tres meses, porque quizais a empresa convenceunos de que ía presentar o Plan xeral, e por iso lle concederon eses tres meses. A empresa non cumpriu, e puxéronlle unha sanción de 16000 e pico euros, entón apurouse e presentou o Plan xeral.

O Plan xeral que presentou foi unha serie de documentos onde falta un que pon no propio índice que ten 86 páxinas e cando o abren ten 16. Outro que pon que ten 123 e ten 40. Sitúa unha igrexa gótica que está en Nigrán no municipio de Cambre, ou resulta que pon que reciben axudas da Deputación de Vigo, que non existe.

A decisión do goberno, e di que para iso se reuniu con todos eles, en principio é rescindir o contrato. De todas maneiras, cando se fai unha rescisión do contrato, hai que dar audiencia ás partes e que veñan a explicarse, que é o que van facer. Pero a que non cumpriu neste caso, por moitos prazos que lle deron, que quizais foron xenerosos de máis en darlles eses tres meses, foi a empresa redactora do Plan xeral.

Que máis lles gustaría a eles que ter o Plan xeral e que fora unha empresa axeitada, e que fixera o traballo como había que facelo. Presentoulles un brodio e agora quedalles a eles a tarefa de resolver ese problema, e van facelo. Dilles que non se preocupen, que lle darán audiencia á empresa e, unha vez a empresa lles dea as explicacións oportunas, e para iso ten uns prazos establecidos, tomarán a decisión oportuna.

Pídelle que non se preocupe, que avaliarán as consecuencias económicas que pode traerlle ao municipio de Cambre a rescisión do contrato, e eles rescinden un contrato que eles non asinaron, pero claro, o Sr. Taibo non lle pode dicir o que lle dixo antes, que iso é unha cousa que ten que facer toda a Corporación, e despois dicir que el exime da responsabilidade. Dille que ou si, ou non.

E o que lle dixo onte, iso non volverá ocorrer. El non sabe de onde saíu a noticia, pero o equipo de goberno non mandou ningunha nota de prensa, iso pode asegurarllo. Eles non mandaron ningunha nota de prensa e non volverá ocorrer.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que lle vai clarificar unha cuestión, porque non sabe se o Sr. alcalde o interpreta mal, pero el o que dixo é que non se sentía responsable da situación creada anteriormente, vaille puntualizar porque non se sente responsable. El será responsable do que vote a partir de agora en canto á rescisión do contrato, pero da situación creada, en todo caso, será o goberno, porque levan oito meses de atraso e podían ter adiantado. Pídelle que non lle diga que se contradí.

E respecto do que dixo de que non enviaron ningunha nota de prensa, o que fixeron é colgalo na páxina web do concello, ou preguntalle se non o fixeron. Pídelle que non se saia polos cerros de Úbeda. Colgárono onte e o rogo vén hoxe a pleno, refírese ao rogo.

Conclúe dicindo que xa lle dixo que da situación serán responsables eles, por eses oito meses de atraso, e el será responsable cando vote a rescisión ou non do contrato, porque o equipo de goberno xa dá por feito, ou polo menos así o recollen os medios na nota informativa que poñen, que se vai rescindir o contrato. Ao mellor si, efectivamente, el tamén cre que si, pero xa o decidirán no seu momento, todos, porque é unha decisión corporativa, de todos.

O Sr. alcalde infórmalle ao voceiro de EU que o voceiro de UxC quere intervir neste rogo.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que a el non lle ten que dicir nada, que llo ten que dicir ao Sr. alcalde, que é quen dá e quita as palabras.

O Sr. alcalde di que xa o sabe, pero é un rogo de EU.

Don Luis Miguel Taibo Casás reitera que é o Sr. alcalde quen dá e quita as palabras, e el nese sentido non pode dicir nada.

O Sr. alcalde dálle a palabra ao voceiro de UxC.

Don Óscar Alfonso García Patiño sinala que nos rogos poden intervir todos os grupos políticos, iso di o ROM.

Dicía o Sr. alcalde que foi moi xeneroso, pero se o alcalde encarga construír unha casa de 200 metros e non vai por alí para nada, e cando resulta que vai ver a estrutura dáse conta que ten unha casa de 1500 metros e 18 alturas, e entón di que é a empresa que funciona moi mal, esa non é unha xustificación. O que hai é que traballar día a día, no Plan xeral e, sobre todo, no cumprimento dos prazos do Plan xeral, pero o goberno non o fixo. Agora saen na prensa e, aínda que supón que o Sr. alcalde lle dirá que non o dixo, porque como sempre eles non mandan nada á prensa, el quere desmentir rotundamente iso de que o alcalde de Cambre consensuou coa oposición a rescisión do contrato. Con eles, UxC, non consensuou nada, porque eles xa lle dixeron, e repítello, que UxC non é responsable do que está ocorrendo co tema do Plan xeral.

UxC, dende principios de legislatura ata agora, tanto por rexistro como nos plenos, viña preguntando e viña dicindo o que estaba pasando co Plan xeral. O goberno tivo, en dous anos e medio, unha reunión cos grupos políticos, para falar do Plan xeral, única e exclusivamente. Pídelle que non lles faga ao resto, polo menos a UxC, responsables de todo isto. Dende logo con eles non consensuou absolutamente nada.

O Sr. alcalde di que el non encarga unha casa de 200 metros, de 15 metros de altura, e logo non vai por alí, iso o Sr. voceiro non o pode dicir, porque no concello traballouse todos os días no Plan xeral. Ademais, o Sr. García Patiño non é o máis indicado, porque por riba marcha antes das reunións, e cando se lle cita ás veces non vén. Que el lembre de memoria, aquí fixéronse tres reunións, e só o viu nunha. Pídelle que non lle fale de traballo.

Don Óscar Alfonso García Patiño pídelle que non deixe as cousas así como se el non viñera ás reunións. El non vén a ningunha reunión na que non se levante acta, porque non se fía deles, porque din unha cousa e despois fan outra, polo tanto, el non vén a ese tipo de reunións.

Reitera que eles xa o saben, que non veñan dicindo que el non vén ás reunións, simplemente non vén porque quere que se levante acta, porque cando se levanta acta, queda por escrito, o que di o Sr. alcalde, o que din os concelleiros e o que di a oposición, nada máis, e por iso non veñen, porque non se fían del. É así de sinxelo, nada máis.

Conclúe dicindo que é unha apreciación, e a apreciación é que non traballaron, pero é unha apreciación deles. O equipo de goberno dirá que traballaron, pero o resultado final é que non teñen Plan xeral nin o van ter durante moitos, moitos, anos.

O Sr. alcalde dálle a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás para que dea lectura ao terceiro rogo.

O voceiro de EU agradece ao Sr. alcalde porque di que xa lle daba a sensación de que o rogo era de UxC e non de EU. En todo caso, agradece a achega do compañeiro.

3º Tendo coñecemento das queixas que os veciños/as fan chegar ao noso grupo municipal motivado no estado de inseguridade que se produce no camiño que transcorre entre Cela e O Canal, que presenta lugares que comportan perigo para a circulación rodada e peonil, consideramos que se debe corrixir esta situación e non teñamos que lamentar ningún accidente, debido a que os vehículos poden saírse da estrada, ou atropelar algunha persoa.

Por todo isto presentamos o seguinte rogo:

Que o goberno local adopte as medidas necesarias con carácter urgente para que se instalen quitamedos ou biondas nos lugares do camiño mencionados onde exista risco para a circulación de persoas e vehículos, co fin de evitar o perigo que supón polo reducido ancho do vial e falta de visibilidade.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que iso xa estaba previsto facelo. Houbo un malentendido aí, atrasouse o tema, pero el agarda que antes de fin de ano quede resolta a situación e estean postas as biondas.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, pregunta onde concretamente teñen pensado poñelas, para facerse unha idea e poder explicarlle aos veciños que llelas solicitaron onde se vai actuar neste sentido.

Don Manuel Marante Gómez contesta que na curva onde están as primeiras casas, que é a curva coa fochanca directamente abaixo, aí vanse colocar e posiblemente un pouco máis adiante na recta, onde hai perigo tamén de poder caer ao río.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que entende que é o que está reflectido nas copias das fotografías que el lles pasou, que son os mesmos sitios, onde fai esquina a casa e no noiro do río Mero.

Rogo do BNG presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 15646 o día 23 de novembro de 2013.

Antes de dar lectura ao rogo presentado, dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, comenta que este rogo foi redactado por uns veciños do Espírito Santo.

1º Son coñecidas polo concello as irregularidades cometidas por un veciño, tanto na parte que afecta á N-VI (cerramento sen axustarse á liña de expropiación da N-VI)

como ao concello (ocupación de terreo de dominio público). Ambas ilegalidades son coñecidas polo Sr. alcalde, polo que pregámoslle que actúe aplicando as resolucións ditadas e devolva o lavadoiro ao estado anterior á invasión do dominio público.

Os feitos son que na parte da N-VI, segundo recollen as resolucións da Alcaldía (núm. 568/2011 de 03/06/2011 e núm. 999 do 17/06/2011), o Sr. Noya fixo un cerramento sen axustarse á liña de expropiación da N-VI, ocupando entre 2 e 3 m da zona expropiada nunha lonxitude de 30 m aproximadamente. Unha resolución da Alcaldía (23/03/2011) manda demoler as obras, pero cando se retira o cerramento o Sr. Noya non cumpre o establecido na devandita resolución, e ademais adiantou unha columna a maiores contra o lavadoiro. Así mesmo, na parte traseira do lavadoiro existe terreo baldío de aproximadamente uns 5 m (reflectido no plano de catastro), invadindo unha parte ata chegar o peche preto do lavadoiro.

Na parte que pertence o concello (camiño público que vai dende Espírito Santo a Cecebre) sucede algo parecido, invádese dominio público segundo se recolle no informe feito polo encargado de obra con base no informe do aparelador municipal. Así mesmo ao tratarse dun camiño público, segundo as Normas subsidiarias de planeamento municipal, este camiño ten que separar as distancias regulamentarias. O informe do encargado de obras (05/11/2012) di que: *“con data 10/08/2012 o aparelador municipal ten feito un informe onde entre outras conclusións determina que é necesario o recoñecer como públicos o camiño e o baldío lindantes co terreo”*, e ademais os veciños teñen un documento da traída de augas que data do ano 1969, onde di: *“camino existente antes de construírse la carretera o sea por dicha consecuencia de un sobrante de vía pública”*. O documento di claramente que é vía pública e a estrada non estaba construída, e isto faise ante o que foi alcalde don Fernando Santiago Lozano e o secretario don José Rodríguez Alonso, asinado e selado e sacado o correspondente permiso na Excm. Deputación Provincial (documento que consta en poder deste concello).

Con base no relatado, rogo do Sr. alcalde faga cumprir as resolucións previas, defenda os terreos de dominio público (camiño) e satisfaga as demandas dos veciños que levan tempo reclamando a súa titularidade pública fronte á apropiación indebida dun veciño.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que aquí sempre se ten falado de que ese sitio é un camiño público, pero a día de hoxe ese camiño non está recoñecido nin no inventario que está aprobado, nin nas Normas subsidiarias, polo tanto, eles entenden que é un camiño, pero non ten a titularidade pública.

O que si entenden é que debería ser recollido no futuro inventario de camiños como un camiño público, porque á fin e ao cabo leva a un lavadoiro. Tamén quere indicar a este respecto que existe unha sentenza xudicial que di que o acceso ao dito lavadoiro é pola propia nacional.

Por outro lado, xa lles comentou noutra ocasión que se tiñan dirixido á sección de Patrimonio do Estado da Delegación de Economía e Facenda en Galicia, para saber que pasa coa titularidade dese baldío. Respondéronlles que ese baldío non lle

pertence a eles, co cal nestes momentos o que o goberno municipal pretende é instar á dita administración para que incoe un expediente para a investigación do dito terreo, para saber exactamente quen é o propietario dese terreo, porque se ao final resulta que é un baldío, é o Estado quen se ten que facer cargo del, e a partir de aí adoptar as medidas oportunas.

Antes de dar paso ao apartado de preguntas, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, expón que o seu grupo ten un rogo pendente do pleno anterior, o Sr. alcalde así o recoñece e pídelle que lle dea lectura.

Rogo de EU presentado por escrito para o pleno ordinario do mes de outubro

Rexistrado de entrada ao núm. 14586 o día 26 de outubro de 2013, xunto coa moción, rogos e preguntas tratados no pleno ordinario do día 31 de outubro de 2013.

1º As instalacións de Correos en Cambre foron trasladadas de lugar, dispoñendo o concello do espazo para a súa utilización.

O Concello de Cambre como titular do inmovible onde se viñan prestando os servizos ten o deber de articular os mecanismos necesarios que permitan a repercusión destas instalacións para o municipio e os seus veciños/as, por isto pregamos nos informen que uso ten na actualidade ou se existe algún proxecto para reutilizar e aproveitar o antigo local para fins sociais en beneficio da comunidade.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que na última semana, como xa lle contestou en persoa, entregáronlle as chaves dese local ao persoal do centro de saúde. Ese local, no momento no que se fixo a cesión do edificio ao Sergas, deixouse coa salvidade de que lles tiñan que deixar un espazo para que se colocara a oficina de Correos. Unha vez que marchou Correos de aí, reverteu no concello, e eles a intención que teñen, como xa lles avanzaron hai tempo, é trasladar a biblioteca que está na parte superior para a Casa da Arrigada, e unha vez que todo o edificio estea libre cederlo ao Sergas.

Agora mesmo o concello está asumindo preto de 100000 euros dos mantementos dese edificio, así que se lle ceden o edificio completo ao Sergas, os veciños de Cambre aforrarán eses 100000 euros. Por iso, como lles facía falta utilizar ese local para arquivo, porque as instalacións que tiñan se lles quedaban pequenas, decidiron que xa o usaran os traballadores do Sergas, porque a intención que teñen é que nun futuro todo o edificio sexa deles.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que, efectivamente, fai moita falta ese edificio e, como se dixo algún día xa neste pleno, haberá que pedir que outras especialidades se poidan instalar no edificio do centro de saúde. Por outra parte, a el pareceulle que o local de Correos na actualidade estaba baleiro, porque el foi dúas veces e está practicamente baleiro.

É certo que lle dixo o Sr. voceiro do PP o outro día que lle deran as chaves ao persoal do Sergas, pero dunha forma oficiosa, sen que fora oficial, ou sexa, pregunta se lle deron as chaves sen ningún tipo de compromiso.

Don Felipe Andreu Barallobre reitera que foi de forma totalmente oficiosa, eles solicitaron poder utilizar ese local e o goberno municipal accedeu e deulles unha copia das chaves, nada máis, pero non hai nada máis oficial, non houbo unha cesión formal ao Sergas, nin nada polo estilo. Di que o local aínda é propiedade do concello.

4.3. Preguntas

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 15648 o día 23 de novembro de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª No pleno que tivo lugar o día 28 de febreiro de 2013, este grupo presentaba unha pregunta instando o repintando do paso de peóns que existía na estrada autonómica entre o Mesón Vasco e Os Campóns, á altura do enlace co Souto. Contestaba o Sr. Marante que o técnico de Estradas da Xunta “non estaba polo labor”, pero que se tiña tramitado un escrito recollendo as queixas veciñais, o cal, á súa vez, fora remitido á Xunta e que, ata o momento, non tiveran contestación.

Por todo iso, este grupo pregunta:

Que xestións se teñen feito diante da Xunta de Galicia para dar satisfacción ás demandas dos veciños sobre este tema?

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, aclara que ese paso do que falan aquí, é o que une o tramo do instituto, entre outras cousas, coa escola de música. É por seguridade viaria, é un tramo moi transitado polos rapaces á saída do instituto.

O Sr. alcalde explica que eles trasladaron á Xunta un escrito recollendo as firmas dos veciños da zona, porque había bastantes firmas. A Xunta a día de hoxe aínda non contestou.

Hoxe pola mañá el chamou á Xunta para saber por que este atraso na contestación. A resposta foi que o director encargado desa obra foi operado, está a punto de coller a alta outra vez. Xa retoman o tema de facer o repintado, e incluso outras cousas que lle reclamaban nese escrito, como é a marquesiña da parada de autobuses, e facer unha protección pola parte de atrás, onde teñen a malla laranxa, etc.

2ª Son reiteradas as reclamacións veciñais que recibe este grupo sobre o mal estado de conservación das marquesiñas municipais.

Por todo iso, este grupo pregunta:

Que medidas de mantemento permanente se están tomando ou se teñen previsto adoptar para mantelas en bo estado de conservación?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, que

ten atribuída a materia relativa á mobilidade e redes de transportes, contesta que actualmente o concello non conta cunha partida específica para o mantemento das marquesiñas. O que se vén facendo ao longo dos últimos anos é que cando hai algunha denuncia ou aviso por parte dalgún veciño ou dalgún usuario, dáse traslado ao departamento de Obras e Servizos.

Non obstante, ante as demandas que teñen recibido, sobre todo neste último tempo, o goberno ten previsto incluír unha partida nos orzamentos para o vindeiro ano que inclúa unha previsión de mantemento das marquesiñas.

3ª Xa noutros plenos se ten falado do mal estado de conservación e uso no que se atopa o punto limpo de Espírito Santo e os seus arredores. A pesar das queixas efectuadas (iluminación insuficiente, acumulación de residuos fóra do recinto, mal estado da pista de acceso, etc.) non se ten adoptado medida ningunha para solucionarlas.

Por todo iso, este grupo pregunta:

Que requirimentos se lle teñen feito ao Consorcio das Mariñas para que solucione as anteditas deficiencias?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que no tema da iluminación, efectivamente hai unha deficiencia no punto limpo do polígono. O do Consorcio, que está pegado, a el dinlle que ten suficiente iluminación. O mal estado da estrada é evidente, hai que tapar as fochas. Por outro lado é certo que a xente chega, está pechado e tiran con todo por aí. Van recollendo, pero ás veces pasa un e está limpo e ao día seguinte volve haber porcallada, entullos ou cousas alí tiradas.

En calquera caso, el mañá as 10:00 da mañá quedou con persoal do Consorcio para visitar varias zonas de Cambre polo tema dos colectores e outros temas, e pasarán por alí tamén para ver un pouco o que van facer.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 15650 o día 23 de novembro de 2013.

1ª Pais e nais de Cambre diríxense ao noso grupo para comunicarnos que no polideportivo dos Campóns, onde os seus fillos están a realizar actividades deportivas, hai múltiples goteiras.

Teñen pensado facer algo ao respecto?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que a raíz dunha comunicación que tiveron por parte do conserxe da instalación, teñen iniciado o procedemento para solicitar diversos orzamentos para avaliar o estado da cuberta. Paralelamente, teñen intentado conseguir a información sobre unha obra que se fixo na cuberta hai aproximadamente 3 ou 4 anos, pero aínda están buscando esa información. Cando a atopen, saberán se a empresa que fixo a obra con cargo ao Plan-E, ten responsabilidade sobre as garantías da dita obra.

2ª No polígono do Espírito Santo, na pista antes do punto limpo, estanse a verter entullos (colchóns, sofás, etc.), medrando a entulleira cada día máis.

Teñen pensado adoptar algún tipo de medida?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que van colocar uns carteis. Encargaron 15 e estarán a punto de chegar. Irán repartíndoos por todos os vertedoiros que hai, porque hai por todo o concello unha morea deles, advertindo da sanción, da ordenanza, etc., e ademais dicindo que teñen un punto limpo, no Espírito Santo, co enderezo, para que a xente trate de evitar eses vertidos, porque a verdade é que hai varios puntos no concello.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, sinala que é certo que hai varios puntos, pero a ela chámalle moito a atención porque este está 10 metros antes da pista do punto limpo. A quen sexa ela meteríalle unha multa importante, porque iso xa é unha burla. Unha cousa é facer unha entulleira, pero outra cousa é facer unha entulleira diante do punto limpo. Cre que habería que tomar algún tipo de medida, non sabe cal.

Don Manuel Marante Gómez explica que nese punto en concreto, incluso nalgunhas ocasións producíronse incendios, que el lembre nun par de ocasións. Está de acordo coa Sra. concelleira, pero os que teñen que concienciarse tamén son os veciños, os que tiran as cousas, e el cre que se non aprenden vendo un punto limpo a 100 metros, haberá que mirar que facer.

En todo caso, di que cada vez que recollen neses vertedoiros incontrolados están pendentes e miran minuciosamente a ver se poden encontrar algún dato que lles poida levar a un responsable, pero de momento non o atoparon.

3ª No pleno do mes de setembro o Sr. alcalde comentou que as empresas encargadas da xestión do festival Brincadeira solicitaron un aprazamento dos pagamentos pendentes con este concello e que vostede por resolución llela concedera.

O 25 de outubro UxC solicitou por rexistro copia da solicitude das empresas así como copia da resolución, a día de hoxe aínda non temos resposta.

Ten pensado o Sr. alcalde cumprir a lei e facilitarnos os documentos que solicitamos?

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que a situación é sinxela. Non hai resolución ningunha, o que teñen é unha solicitude que fixeron as empresas, é certo, e un par de reunións que tiveron con eles, onde lles comunicaron que tiñan intención, vista a situación non tiñan por que dudar a súa vontade de pagar, de concederlles a prórroga.

O certo é que as condicións que eles lles impuxeron ás empresas para conceder esta nova prórroga era o pago dos intereses ata o novo vencemento e o depósito dun aval, un aval que ao concello lle garantira que no momento do vencemento ían ter unha garantía adicional para cobrar esa débeda.

Explica que hai unha das empresas que está disposta a pagar os intereses e a depositar o aval, pero a outra di que non está disposta. Probablemente a solución que adoptarán será prorrogarlle a parte que lle corresponde a unha das empresas e coa outra iniciarán as accións que procedan para reclamarlle pola vía executiva ou xudicial os cartos.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que el cre que non se debe por parte dun goberno dar prazos e prazos sen ter unha resolución, é dicir, non son os cartos deles, son os cartos dos veciños e teñen que ir con papel.

Le textualmente o que dixo o Sr. alcalde: *“Chegado outubro, se esa empresa non cumpre, irán ao xulgado, e pídelle ao Sr. García Patiño que non o dubide.”*, di que son as súas palabras, e xa están en novembro.

O Sr. alcalde di que a resolución xa está asinada. A resolución do primeiro aprazamento está asinada, e á do segundo xa lle di, chamaron aquí ás partes e chegaron a ese acordo con eles. En breves días executarán o que haxa que executar.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 15649 o día 23 de novembro de 2013, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª Veñen sendo frecuentes as queixas sobre os danos existentes no parque infantil situado ao carón da Casa das Palmeiras. De feito, froito dunha solicitude do noso grupo municipal, recentemente téñense substituído elementos de xogo que estaban en mal estado. Hoxe voltamos a denunciar que neste mesmo parque hai, debaixo dos bambáns, sendas pozas tan grandes que coa choiva se forman unhas charcas que os inutilizan para o xogo. Sabemos que colocar un chan de cortiza como nos novos parques supón un desembolso determinado, pero neste caso unicamente se trata de levar algo de recheo para nivelar o chan e que se poida desfrutar dun parque que, aínda que é pequeno, alberga gran cantidade de nenos.

Con base no anteriormente exposto o noso grupo municipal pregunta:

Cando pensa o goberno tomar as medidas necesarias para tapar e reencher as pozas dos bambáns do parque das Palmeiras?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que antes das vacacións do Nadal agardan reparar todos os parques que non teñen chan de caucho ou de cortiza, porque todos os que están en céspede ou terra fan esas charcas. Normalmente danlles dous ou tres repasos todos os anos, un ao principio do verán e outro agora, de cara ás vacacións do Nadal.

Nestes días agardan que queden tapadas en todos os parques.

2ª En relación coa moción presentada polo concelleiro de Obras e Servizos no pleno de setembro pasado, sobre a supresión do paso a nivel en Cela e a execución de

beirarrúas na estrada DP-1704. A petición do noso grupo inclúese solicitar a ADIF a execución dunha senda peonil ou beirarrúa no camiño 0085.

Poden informarnos en que situación se encontra a dita tramitación e os posibles acordos?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que eses acordos do pleno se lle trasladaron a Adif e de momento non lles contestaron. Vai mes e pico e non contestaron, aínda que hai un compromiso de Adif de facer unha actuación en Cela, pero de momento non lles contestaron a esa modificación que propuxeron.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, solicita que cando poida lles traslade, polo menos ao seu grupo, a proposta que lles faga Adif en función dos acordos adoptados no pleno pasado.

3ª Veciños/as das rúas Abeleira, Martín Codax e Estanque, teñen denunciado a situación de abandono dos mencionados viais por carecer de asfaltado e pronunciadas fochancas que dificultan a circulación. Neste mesmo sentido o noso grupo ten presentado unha iniciativa nas comisións informativas do mes de outono do 2011. Transcorridos máis de dous anos, a situación de deterioración aumentou, sen que se teña feito ningunha actuación para solucionar o problema.

Polo exposto, o noso grupo municipal pregunta:

Cal é o motivo polo que a día de hoxe estas rúas se atopan sen asfaltar e para cando pensa o goberno levar a cabo a reparación do problema?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que a día de hoxe tense contratado a un técnico que está redactando un proxecto de urbanización para solucionar estes problemas que se expoñen aquí. A urbanización desa zona correspondía a dúas promotoras que no seu día non executaron o proxecto de urbanización, polo que o que teñen feito é incoar un expediente para a execución dos avais, que a día de hoxe xa teñen executado, co cal xa se está redactando o proxecto de urbanización. Non lle pode dar prazos, pero que saiba que xa hai un técnico traballando para redactar un novo proxecto que recolla e que lles diga exactamente o que se fixo no seu día e recolla as obras que tería que facer o concello. Vaise executar con base nesas dous avais que xa teñen ingresados no concello.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que se non lembra mal, parécelle que é un aval de sobre 70000 euros. Engade que a xente desa zona leva moitísimo tempo preocupada pola situación desas rúas, polo que non estaría de máis que o concello, segundo fai con outras cousas, puxera uns bandos polos portais desas rúas, informando de que se vai facer esa actuación, que se vai executar o aval, ou sexa que se vai reparar iso. Informar aos veciños é unha obriga que teñen dende o concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dous horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia